http://libgdx.badlogicgames.com/

Programación de xogos 2D/3D
Framework LIBGDX

PARTE 2D

Lugar: CE.FO.RE. FERROL
Docente: ANGEL DANIEL FERNÁNDEZ GONZÁLEZ

DO 2 Ó 6 DE SETEMBRO DO 2013

LIBGDX:

É un framework para o desenrolo de xogos coa linguaxe Java tendo coma principal vantaxe que é multiplataforma. Para nós iso significa que podemos desenrolar o xogo independentemente da plataforma onde se vaia a executar.

Así grazas a este framework podemos desenrolar xogos para:

- Móbiles con Android (versións a partires da 1.5).
- Windows.
- IOS.
- Linux.

Máis información sobre as vantaxes en:
http://libgdx.badlogicgames.com/features.html

Polo tanto imos poder desenvolver un xogo e probalo no PC sen necesidade de utilizar un dispositivo móbil (unicamente que o xogo se basee nalgún hardware específico deste tipo de dispositivos coma poda ser o acelerómetro)

LibGDX está composto por unha serie de compoñentes:

- Marco de **Aplicación**, que manexará o bucle principal y ademais estará encargado do ciclo de vida, é dicir, os eventos de creación, destrución, pausa e resume.

- Un compoñente de **Gráficos** que permitiranos xestionar a representación de imaxes e obxectos gráficos na pantalla.

- Un compoñente de **Audio**, que facilitaranos o acceso ós sons e música da aplicación.

- Un compoñente de **Entrada e Saída** para ler e escribir os diferentes arquivos de datos como por exemplo, arquivos de configuración, sons, música, texturas,...

- Un compoñente de **Entrada** que xestionará a entrada a través do teclado, pantalla táctil ou acelerómetro.



Tamén temos módulos específicos para a xestión de cálculos matemáticos, coma Math e tamén módulos para a xestión de colisións entre os elementos gráficos dos xogos.

Outro gráfico que amosa de diferente forma a estrutura de módulos do framework LIBGDX:



Nota: Assets é o cartafol onde imos gardar todos os recursos (gráficos – modelos 3d– sons – música,...) do noso xogo. Nas aplicacións Android normalmente se gardaría no cartafol /res. Podemos ver neste enlace a diferenza entre os dous cartafois:
http://stackoverflow.com/questions/5583608/difference-between-res-and-assets-directories

INSTALACIÓN:

O que temos que ter instalado no noso equipo é:

- JRE (Java RunTime Environment) ou JDK (Java Development Kit).
- Android SDK.
- Eclipse + pluging aplicacións Android.
- Framework libgdx

O proceso de instalación será o seguinte:

Instalación do JRE.

O podemos descargar dende:
http://www.oracle.com/technetwork/java/javase/downloads/jre7-downloads-1880261.html

e escoller a versión correcta.

Normalmente se instala no cartafol **C:\Archivos de Programa\Java\JRE7**

Instalación do Android SDK

Podemos seguir este manual: http://developer.android.com/sdk/installing/index.html

O Android SDK vainos permitir desenrolar xogos para as diferentes versións de Android e dispoñer de máquinas virtuais que son emuladoras dun sistema operativo Android para facer probas sobre elas.

O SDK atópase nesta páxina:

http://developer.android.com/sdk/index.html

Opción a)

Neste punto podemos descargar o ADT Bundle for Windows se queremos descargar nun só paso todo o software necesario para desenrolar aplicacións para móbiles (Eclipse, Android SDK,....).

Opción b)

Se xa temos o IDE descargado podemos facelo por pasos e instalar só o SDK, premendo sobre a opción 'USE AN EXISTING IDE'



Ó executar o SDK indícanos o que temos instalado e se queremos instalar novas API´s.

Escoller “SDK Plataform-tools” e “SDK Tools” así coma as versións de Android 2.3.3 e a 4.0.3 (escoller SDK Plataform e unha System Image por cada versión) como se amosa a continuación e o Google Usb Driver en Extras :



Nota: se instalamos o ADT Bundle For Windows trae descargada a versión de Android 4.2.2 (API 17) e a Android 2.3.3 (API 10).

Unha vez instalado temos acceso a dous programas (se escollemos a opción b, instalación independente):



En caso de utilizar a opción a) (bundle) teremos no raíz do arquivo descomprimido o SDK Manager:

- SDK Manager: volvamos á pantalla da instalación, por se queremos instalar ou desinstalar versións API de Android instaladas.



- AVD Manager: para crear os emuladores de Android.



Dende o propio IDE do Eclipse podemos acceder a ambos programas:



Creación de novas máquinas virtuais Android.

Para crear unha nova máquina virtual debemos de premer o botón de New de AVD Manager:



e escoller a versión de Android que imos a executar (as versións dispoñibles serán as instaladas no paso anterior).

Podemos emular diferente hardware presente nun dispositivo Android, como a cámara web, a memoria, unha tarxeta SD Card externa, o tamaño do dispositivo,....

O lóxico será escoller unha versión de Android cun Hardware (sobre todo a resolución da pantalla => tamaño) que teñan unha maioría de dispositivos de tal forma que así nos aseguramos que a nosa aplicación vai a executarse sen problemas neses dispositivos.

Se estamos a usar o ADT Bundle For Windows do paso anterior teremos a posibilidade de crear dispositivos virtuais có S.O. Android 2.3.3 ou 4.2.2.

Crearemos polo tanto un dispositivo para cada versión de Android.





Podemos ver os cadros seguintes para facernos unha idea de como son os dispositivos que utilizan Android na actualidade.

As resolucións nas que podemos traballar están no seguinte cadro:

	Low density (120), *ldpi*	Medium density (160), *mdpi*	High density (240), *hdpi*	Extra high density (320), *xhdpi*
Small screen	**QVGA (240x320)**		480x640	
Normal screen	**WQVGA400 (240x400)** **WQVGA432 (240x432)**	**HVGA (320x480)**	**WVGA800 (480x800)** **WVGA854 (480x854)** 600x1024	640x960
Large screen	**WVGA800** (480x800)** **WVGA854** (480x854)**	**WVGA800* (480x800)** **WVGA854* (480x854)** 600x1024		
Extra Large screen	1024x600	**WXGA (1280x800)**† 1024x768 1280x768	1536x1152 1920x1152 1920x1200	2048x1536 2560x1536 2560x1600

Información sacada de http://developer.android.com/guide/practices/screens_support.html

A cota de mercado dos dispositivos Android nas súas respectivas versións do S.O. en Abril do 2013:

Platform Versions

This section provides data about the relative number of devices running a given version of the Android platform.

For information about how to target your application to devices based on platform version, read Supporting Different Platform Versions.

Version	Codename	API	Distribution
1.6	Donut	4	0.1%
2.1	Eclair	7	1.7%
2.2	Froyo	8	4.0%
2.3 - 2.3.2	Gingerbread	9	0.1%
2.3.3 - 2.3.7		10	39.7%
3.2	Honeycomb	13	0.2%
4.0.3 - 4.0.4	Ice Cream Sandwich	15	29.3%
4.1.x	Jelly Bean	16	23.0%
4.2.x		17	2.0%



Data collected during a 14-day period ending on April 2, 2013.
Any versions with less than 0.1% distribution are not shown.

Información obtida de: http://developer.android.com/about/dashboards/index.html

Cota de mercado por resolución de pantalla:

	ldpi	mdpi	tvdpi	hdpi	xhdpi	xxhdpi	Total
Small	9.5%						9.5%
Normal	0.1%	16.1%		37.9%	25.0%	0.8%	79.9%
Large	0.7%	2.7%	1.0%	0.5%	0.8%		5.7%
Xlarge	0.1%	4.6%		0.1%	0.1%		4.9%
Total	10.4%	23.4%	1.0%	38.5%	25.9%	0.8%	





Data collected during a 14-day period ending on April 2, 2013
Any screen configurations with less than 0.1% distribution are not shown.

Destas gráficas podemos deducir que un 80% dos dispositivos Android teñen un tamaño de pantalla Normal



e un 37,9% dos dispositivos con este tamaño traballan cunha resolución de hdpi (480x800) e un 25% xhdpi (640x960)

Instalación do IDE ECLIPSE.

Debemos de descargar e executar o entorno de desenrolo ECLIPSE.

Nota: Se usamos o ADT Bundle (\SOFTWARE\adt-bundle-windows-x86-20130219\) xa está configurado para usar o Android SDK e se atopa no cartafol Eclipse (nome eclipse.exe).

Tamén podemos descargar a última versión dende: http://www.eclipse.org/downloads/
e escollemos a opción Eclipse for Mobile Developers.

Unha vez descomprimido podemos executar o programa premendo dúas veces sobre o arquivo ECLIPSE.EXE (se estamos no S.O. Windows).



Instalar o plugin para ECLIPSE:
http://developer.android.com/sdk/installing/installing-adt.html

Este plugin o imos necesitar para desenrolar aplicacións Android dentro do IDE ECLIPSE.

Nota: Se usamos o ADT Bundle (\SOFTWARE\ADT Bundle\) xa está instalado.

Para instalalo só temos que arrancar o eclipse e premer sobre o menú Help da parte superior:



escollendo a opción 'Install New Software'.

Debemos premer o botón Add:



e premer o botón de OK.

Seleccionamos todos os paquetes dentro de Developers Tools e prememos o botón de Next ata o final.



Unha vez instalado, podemos ir o menú Window => Preferencias do Eclipse e seleccionar o cartafol onde se instalou o SDK do Android.



Se todo está correctamente instalado debería aparecer na parte superior do IDE Eclipse as iconas necesarias para executar proxectos Android:

Podemos consultar combinacións de teclas en Eclipse que nos pode ser útiles:

http://www.shortcutworld.com/en/win/Eclipse.html

Instalando o noso primeiro xogo usando libgdx.

O primeiro será crear os proxectos necesarios para desenrolar os xogos.
Se o facemos 'manualmente' teríamos que crear un proxecto Android (versión Android do xogo), un proxecto Java cunha clase que implemente o método main (sería a versión desktop) e outro proxecto Java onde irían todas as clases necesarias para desenrolar o noso xogo.

Os dous proxectos creados inicialmente (móbil e desktop) chamarían ás clases do noso xogo (terceiro proxecto) utilizando as librerías do framework libdx.

Este proceso (aínda que só se fai unha vez por cada xogo) e longo e tedioso, pero podémolo aforrar facendo uso dunha ferramenta desenrolada en Java que nos xerará a estrutura necesaria para desenvolver un xogo para diferentes plataformas.

Podemos descargar dita aplicación dende http://code.google.com/p/libgdx/wiki/ProjectSetupNew ou executala dende o DVD \SOFTWARE\Aplicación para crear proxectos libgdx\ executando o arquivo 'lanzar.bat' que está en dito cartafol.

O facelo aparecerá a seguinte pantalla:



Se queremos actualizar un proxecto xa creado actualizando as librerías do framework libgdx debemos premer o botón de Update. No noso caso imos crear un xogo novo e polo tanto debemos de premer o botón de Create



O primeiro que temos que facer é descargar as librerías que conforman o noso framework. Poderíamos descargalas dende aquí:

http://libgdx.badlogicgames.com/download.html

pero xa a propia ferramenta déixanos descargar a última versión:

Debemos descargar a opción 'nightlies'. Dita versión ven ser como a 'stable' pero con bug´s e erros corrixidos.

Se xa a tivéramos descargada podemos indicarlle a aplicación onde se atopa premendo sobre o

cartafol e seleccionando o arquivo zip:



Unha vez escollido a versión do framework a utilizar podemos poñer o nome os nosos proxectos así como o nome da clase principal do xogo (pódese cambiar despois, xa o veremos).



Nota: O nome da clase (Game Class) debe comezar con maiúscula.

Como vemos na parte dereita se amosa os nomes do proxectos que van xerarse.
Unha vez feito debemos premer o botón 'Open the generation screen'.



E premer o botón de 'launch'.



Xerándose desta forma a estrutura de proxectos que imos necesitar para desenvolver os xogos.

Agora só queda importar ditos proxectos o entorno de desenrolo Eclipse.

O podemos facer premendo o botón dereito do rato sobre o Package Explorer e facendo Import:



Escollemos a opción General => Existing Proyects Into Workspace:



Prememos o botón de Browse e nos posicionamos no cartafol onde se atopan os proxectos xerados pola ferramenta:



Nota: Lembrade marcar o opción 'Copy proyects into workspace' para que faga unha copia do proxecto o espazo de traballo do eclipse (por defecto C:\usuarios\usuarioconectado\workspace, o podemos cambiar indo ó menú File => Switch WorkSpace).

Prememos o botón de Finish.

Posiblemente vexamos un erro no proxecto de Android e o de HTML.
O de Android é debido á versión de Android na que se ten que executar a aplicación, a cal non se atopa instalada na nosa máquina (lembrar que escollimos as versións 2.3.3 e 4.0.3 ou se estamos co adt bundle teremos a 4.2.2 e a 2.3.3).

O erro do HTML é debido a que temos que ter instalado o Google Web Toolkit para o Eclipse se queremos probar a execución do xogo dentro dunha páxina web (non funciona co Internet Explorer).

Como podemos observar temos unha versión Android, outra HTML e outra Desktop (xa explicado anteriormente).

Podemos probar que as librerías están ben instaladas executando a aplicación de mostra.
Para isto imos a versión DESKTOP e nos movemos polo cartafol src e dentro deste imos o paquete com.me.mygdxgame e abrimos a clase Main.java.



Agora debemos executar premendo o botón de Run:

Ó facelo aparecerá unha xanela coma esta:

Podemos comprobar que podemos facer o mesmo coa versión Android. Primeiro imos cambiar a versión de Android sobre a que se vai a executar a aplicación de mostra.
Para isto temos que premer o botón dereito sobre o proxecto e escoller a opción de Propiedades e a rama de Android:



Na parte da dereita aparecerán as versións de Android descargadas polo SDK (pasos anteriores). Escollemos a versión 4.2.2 e prememos o botón de Ok. A versión 4.2.2 leva asociada a API Level 17. Imos modificar o arquivo AndroidManifiest.xml que se atopa no raíz do proxecto Android para indicarlle que a mínima versión no que pode correr a nosa aplicación sexa a 2.3.3. (API 10) e informarlle que imos desenrolar unha aplicación para a versión de Android 4.2.2. (API 17).

O arquivo AndroidManifiest.xml úsao Android como arquivo de configuración no que se garda información sobre os permisos que ten que ter a aplicación para poder executarse, o nome da mesma, a icona, actividade principal,....

Prememos polo tanto dúas veces en dito arquivo (AndroidManifiest.xml):



Escollemos a opción Uses Sdk e na parte dereita aparecerán dous campos (Min SDK e Target SDK). O primeiro é o que imos modificar escribindo o número 10 (API 10) en Min SDK e 17 en Target SDK, premendo o botón de Gardar.

NOTA: se tivésemos instaladas as imaxes doutras versións do Android poderíamos poñer como target a API correspondente a dita versión tendo en conta que o target non debería ser inferior a versión Android 3.2 debido a que por defecto o arquivo de Manifiesto incorpora esta liña:

....android:configChanges="keyboard|keyboardHidden|orientation|screenSize">

Esta liña vai indicar unha lista de 'eventos' que de non estar recollidos nesta configuración provocarían a destrución e creación da aplicación nun dispositivo Android. Xa veremos que dende o punto de vista do manexo de gráficos, isto suporía a destrución do contexto de Open Gl, o que se traduce en que teríamos que volver a cargar todos os gráficos que manexemos. Desta forma cando se produce dito evento a aplicación non se destrúe.

Se poñemos un target API menor ó 10 (se pode facer, xa que libgdx funciona a partires da API 6) teríamos que eliminar o screensize que foi incorporado posteriormente.

Máis información en:

- http://developer.android.com/guide/topics/manifest/activity-element.html
- http://code.google.com/p/libgdx/wiki/ApplicationConfiguration

Agora xa podemos abrir a clase MainActivity.java e executala.

Ó facelo aparecerá unha xanela na que se nos pedirá que indiquemos que tipo de aplicación imos a

executar. Nos elixiremos 'Android Application':



Isto vai levar consigo que se lance unha máquina virtual có S.O. Android indicado nas propiedades do proxecto (no noso caso a versión 4.2.2):

Nota: No emulador de Android podemos rotar a pantalla premendo as teclas Ctrl+F11

Cando executamos por primeira vez unha aplicación créase unha 'configuración de execución'. Podemos editar dita configuración premendo sobre a frecha que está ó carón da icona de execución e escollendo a opción 'Run Configuration'.



No caso da configuración do proxecto Android podemos indicar na pestana 'Target' que dispositivo virtual terá que lanzarse cando executemos a aplicación Android. Imos modificala para que sempre pregunte, escollendo a opción 'Always prompt to pick device'.



Se agora executamos a aplicación pediranos sobre que dispositivo virtual / real (se hai algún conectado) vai executar a aplicación.



Se non existe un dispositivo xa en execución podemos lanzar un novo escollendo a opción 'Launch a new Android Virtual Device'.

Imos analizar a estrutura dos proxectos.

Na versión Android da nosa aplicación se atopa o cartafol Assets. É dentro deste cartafol onde temos que gardar todos os nosos recursos gráficos, música, efectos de son,....xa que a este cartafol é a onde vai dirixirse o resto de versións.



Podemos comprobar coma na versión Desktop o cartafol assets non é máis que un 'acceso directo' o cartafol creado na versión Android.



Se imos as propiedades do proxecto e marcamos a opción 'Java Build Path' podemos comprobar que dito cartafol é un 'Link Source' apuntando o cartafol Assets da versión Android:



NOTA IMPORTANTE: cando facemos a importación de proxectos ó eclipse pode suceder que o enlace non funcione e sexa necesario volver a seleccionar ó cartafol da versión Android (premendo o botón Edit da pantalla anterior).
En Windows7 os arquivos '.project' e '.classpath' que están no cartafol raíz nas diferentes versións (desktop,html,android,...) aparecen como ocultos. É necesario quitarlle dito atributo.

Na mesma pantalla (se prememos na pestana Libraries) podemos ver que librerías do motor de xogos libgdx son necesarias para desenrolar os xogos:



O mesmo o podemos facer coa versión Android.



Agora analicemos as clases que inician o xogo.
No caso da versión Desktop é unha clase Java cun método Main.

```
public static void main(String[] args) {
	LwjglApplicationConfiguration cfg = new LwjglApplicationConfiguration();
	cfg.title = "O meu xogo";
	cfg.useGL20 = false;
	cfg.width = 480;
	cfg.height = 320;

	new LwjglApplication(new OMeuXogo(), cfg);
}
```

O que fai dito método é preparar un obxecto cos datos necesarios para executar o xogo, no noso caso indica que:

- O título do xogo será: O meu xogo (aparece na parte superior da xanela cando se executa o xogo)
- Non utilizará a versión de open gl 2.0
- Indica o ancho e alto en pixeis da pantalla onde vai executarse a aplicación.

Despois crea un obxecto da clase `LwjglApplication` mandando coma parámetros a configuración indicada anteriormente e un obxecto da clase OmeuXogo.

Dita clase está creada no proxecto 'COMUN' das diferentes versións (Desktop / Android / Html / IOS). No noso caso dita clase está definida no proxecto 'omeuxogo':



Vexamos agora a versión Android:



O código que lanza a aplicación é diferente xa que o que estamos a desenrolar é unha aplicación Android (a clase deriva de AndroidApplication e se inicializa no método onCreate) pero os conceptos son os mesmos: creamos un obxecto coa configuración a utilizar e lanzamos un obxecto da clase OmeuXogo con dita configuración.

Algo parecido temos na versión HTML.
A partires deste punto só temos que desenrolar o noso xogo no proxecto común (omeuxogo).

Antes analicemos os parámetros de configuración na versión Android.

Entro outras opcións temos as seguintes:

```
cfg.useAccelerometer=false;
cfg.useCompass=false;
cfg.useWakelock=true;
```

As dúas primeiras fan referencia ó uso do acelerómetro (http://es.wikipedia.org/wiki/%C3%B3metro) e o compás . Se o noso xogo non vai facer uso deste hardware é recomendable desactivalo na configuración para aforrar batería.

A terceira opción é necesaria para que o S.O. Android non pase ó estado de 'durmido' cando non recibe ningunha sinal por parte do xogo.

En Android dita opción leva consigo ter dito permiso por parte do S.O. Para indicarlle ó S.O. que a aplicación vai usar dito permiso será necesario modificar o arquivo AndroidManifiest.xml que se

atopa no raíz do cartafol Android.



Premer o botón Add e escoller o permiso de tipo 'User Permission'.

Da lista que aparece escoller 'android.permission.WAKE_LOCK' e premer o botón de 'Gardar' en Eclipse.

As outras dúas opcións non necesitan permisos, pero podemos indicar ó S.O que imos utilizar dito hardware e se temos a aplicación / xogo no Market podemos facer que non se poida instalar se o dispositivo non dispón de dito hardware.



Podemos ver a lista completa de dispositivos en:

http://developer.android.com/guide/topics/manifest/uses-feature-element.html#hw-features

Se escollemos a opción 'Required' indicamos que é necesario dito hardware para que o xogo funcione.
No noso caso polo de agora non imos necesitar especificar dito hardware.

Agora imos analizar a clase que usamos en todas as versión do noso xogo: OmeuXogo.java.

Dita clase incorpora a interface `ApplicationListener`. Por medio de dita interface dispoñemos dos seguintes métodos:

```
@Override
public void create() {          => Cando se crea
}

@Override
public void dispose() {         => Cando se libera
}

@Override
public void render() {          => Chamado continuamente para facer o render
}

@Override
public void resize(int width, int height) {
                                => Cando se cambia a resolución da pantalla
}

@Override
public void pause() {           => O pausar (ou saír) da aplicación
}

@Override
public void resume() {          => O reanudar (ou iniciar) a aplicación
}
```

Podemos comprobar como se executan ditos eventos, informando ó log.
Cando se fai o log se indican dous datos: unha etiqueta e o texto do log. A etiqueta se usa para facer un filtro xa que no log aparecen moitas mensaxes que nos non xeramos e molestan.
Definimos polo tanto dita etiqueta na clase OMeuXogo da seguinte forma:

```
private static final String LOG = OMeuXogo.class.getSimpleName();
```

En negrilla indico que ese é o nome da clase onde está definida a propiedade.

Agora definimos un método para imprimir a mensaxe no log:

```
public static void imprimirLog(String mensaxe){
      Gdx.app.log(OMeuXogo.LOG,mensaxe);
}
```

Podemos agora usar dito método para ver como pasa polos diferentes eventos (non poñer nada no

método render xa que se chama continuamente):

```
public class OMeuXogo implements ApplicationListener {
	private OrthographicCamera camera;
	private SpriteBatch batch;
	private Texture texture;
	private Sprite sprite;

	private static final String LOG = OMeuXogo.class.getSimpleName();

	public static void imprimirLog(String mensaxe){
		Gdx.app.log(OMeuXogo.LOG,mensaxe);
	}

	@Override
	public void create() {

		OMeuXogo.imprimirLog("CREATE");

		float w = Gdx.graphics.getWidth();
		float h = Gdx.graphics.getHeight();

		camera = new OrthographicCamera(1, h/w);
		batch = new SpriteBatch();

		texture = new Texture(Gdx.files.internal("data/libgdx.png"));
		texture.setFilter(TextureFilter.Linear, TextureFilter.Linear);

		TextureRegion region = new TextureRegion(texture, 0, 0, 512, 275);

		sprite = new Sprite(region);
		sprite.setSize(0.9f, 0.9f * sprite.getHeight() / sprite.getWidth());
		sprite.setOrigin(sprite.getWidth()/2, sprite.getHeight()/2);
		sprite.setPosition(-sprite.getWidth()/2, -sprite.getHeight()/2);
	}

	@Override
	public void dispose() {
		OMeuXogo.imprimirLog("DISPOSE");

		batch.dispose();
		texture.dispose();
	}

	@Override
	public void render() {

		Gdx.gl.glClearColor(1, 1, 1, 1);
		Gdx.gl.glClear(GL10.GL_COLOR_BUFFER_BIT);

		batch.setProjectionMatrix(camera.combined);
		batch.begin();
		sprite.draw(batch);
		batch.end();
	}

	@Override
	public void resize(int width, int height) {
		OMeuXogo.imprimirLog("RESIZE");
	}

	@Override
	public void pause() {
		OMeuXogo.imprimirLog("PAUSE");

	}

	@Override
	public void resume() {
		OMeuXogo.imprimirLog("RESUME");
```

```
        }
}
```

Se executamos a versión Desktop, modificamos o tamaño e saímos podemos ver a secuencia de log na ventá 'Console' do Eclipse:



Nota: a ventá Console se pode amosar indo o menú de Eclipse Window => Show View => Console

Se o facemos na versión Android as mensaxes non aparece na pestana Console senón na pestana LogCat.



Podemos agora filtrar as mensaxes creando un novo filtro, premendo na parte esquerda no símbolo + (cor verde):



e poñendo como Log Tag o tag que definimos na clase (que se corresponde co nome da clase).

Se coa aplicación en execución prememos o botón de 'Casa' veremos como se executa o método PAUSE pero non o dispose.
Lembrar que cando se sae dunha aplicación Android esta queda en memoria ata que o sistema operativo a necesite que será cando realmente liberará a memoria da mesma.





Exemplo de log´s cando prememos 'Casa' no dispositivo Android.



Exemplo de log´s cando volvamos á aplicación dende Pause.

Isto o imos utilizar (facer log) bastantes veces para comprobar o funcionamento do noso xogo.

Outra utilidade que imos ter para desenrolar os nosos xogos é comprobar a que velocidade (fotogramas por segundo = fps) se executa o noso xogo.

Definimos a seguinte propiedade:

```
private FPSLogger fps;
```

O poñer dita liña dará un erro xa que a clase FPSLogger non está importada. Premer a combinación de teclas Ctrol+Shift+O para importalo automaticamente.

```
@Override
public void create() {

        OMeuXogo.imprimirLog("CREATE");

        fps = new FPSLogger();

        .............

@Override
public void render() {

        fps.log();
        ..............
```

Agora no log (escoller o filtro sen tag) aparecerán os FPS ó que se debuxa o noso xogo.

Nota importante: se non modificamos o proxecto ANDROID non vai compilar as novas modificacións cando executemos a versión de Android. Lembrade que ditas modificacións as estamos a facer sobre o proxecto común. É necesario por tanto modificar a clase de Android se queremos que instale a nova versión. Para isto chega, por exemplo, con poñer un espazo en branco na clase MainAcitivity.java, gardar e executar.

O DESENROLO DO XOGO.

Para desenrolar o xogo previamente a codificación do mesmo temos que ter en conta unha serie de cuestións.

Temos que ter:

- Un nome.
- Unha historia.
- Ten que pertencer a unha categoría.

Neste derradeiro punto podemos atopar as seguintes:

- Xogo casual. Aquí poden entrar moitos tipos de xogos pero case todos eles teñan algunhas características comúns: son moi accesibles, incluso para aquelas persoas que non son etiquetadas como 'xogadores' habituais polo que aumenta o grupo de xogadores; cada sesión de xogo dura uns poucos minutos pero ó ser moi aditivos os xogadores poden estar horas xogando. Poden ser xogos de plataforma, de disparos ou de lanzar unha pelota a unha canastra.

Exemplo de xogo casual Archery


Exemplo de xogo casual Angry Birds

- Xogo de puzzle:



Exemplo de xogo de puzzle Tetris

- Xogo de acción e arcade.

Exemplo de xogo de acción Doom

Este xénero inclúe sub-xéneros como os xogos de plataforma, xogos de carreiras, xogos de disparos en primeira ou terceira persoa.

Exemplo de xogo de disparo Space Invader

- Xogos de Torres de defensa (Towers-Defense ou TD). O obxectivo deste tipo de xogos é lograr que as unidades inimigas non cheguen a cruzar o mapa. Para logralo débense construír torres que ataquen os inimigos ó pasar.

Exemplo de xogo Torres de defensa 'Desktop Tower Defense'

Máis información: http://es.wikipedia.org/wiki/Tower_defense
Xogos deste tipo: http://www.playtowerdefensegames.com/categories/1/defense-tower-games.html

- Innovación: Este tipo de xogos utilizan as novas funcionalidades que nos ofrecen os dispositivos Android (cámara, gps,...) para desenrolar xogos con novas experiencias.

Exemplo de xogo innovador SpecTrek de SepecTreking.com

- Papel (cuadriculado) e lapis para:
  - Definir os elementos que integran as pantallas.
  - Definir as pantallas.
  - Crear un diagrama de transición entre pantallas.

No noso caso:

Un nome: Caza ó peixe.
A historia: Xoán o neno pequeno dunha familia pobre ten que pescar moitos peixes para alimentar a súa familia. Estes van moi rápidos polo que só o mellor pescador pode pescalos.
Categoría: casual

Papel: debemos de escribir en papel cuadriculado as diferentes pantallas e a transacción dunha a outra cun diagrama. O papel cuadriculado vainos servir para o tamaño-proporción dos compoñentes do noso xogo.



Pantalla Principal



Pantalla High Scores



Pantalla Axuda



Pantalla do Xogo



Pantalla de Pause

Transaccións entre pantallas:



Como apuntamos anteriormente imos desenrolar o xogo para unha resolución das máis utilizadas, de 480x800. Podemos poñer esta mesma na versión Desktop para ver como queda.

DESENROLANDO O XOGO.

Imos crear a pantalla onde se vai desenrolar o xogo.
Para iso primeiro temos que facer as seguintes modificacións:

Creamos unha nova clase de nome PrincipalXogo que implemente a interface ApplitacionListener e que sexa chamada dende as diferentes versións:

Arquivo PrincipalXogo.java

```
public class PrincipalXogo implements ApplicationListener{

	@Override
	public void create() {
		// TODO Auto-generated method stub

	}

	@Override
	public void resize(int width, int height) {
		// TODO Auto-generated method stub

	}

	@Override
	public void render() {
		// TODO Auto-generated method stub

	}

	@Override
	public void pause() {
		// TODO Auto-generated method stub

	}

	@Override
	public void resume() {
		// TODO Auto-generated method stub

	}

	@Override
	public void dispose() {
		// TODO Auto-generated method stub

	}

}
```

Exemplo: Main.java en versión Desktop:

```
public class Main {
	public static void main(String[] args) {
		LwjglApplicationConfiguration cfg = new LwjglApplicationConfiguration();
		cfg.title = "O Meu Xogo";
		cfg.useGL20 = false;
		cfg.width = 800;
		cfg.height = 480;

		new LwjglApplication(new PrincipalXogo(), cfg);
	}
}
```

Agora imos cargar o fondo do noso xogo.
Para isto temos que facer uso dunha cámara.

No caso dos xogos 2D, a cámara é de tipo ORTOGRÁFICA frente a cámara utilizada en 3D que é unha cámara en PERSPECTIVA. A diferenza principal entre os dous tipos de cámara é a perspectiva. En 3D os obxectos mais afastados vense máis pequenos que os próximos.

Por exemplo:



Exemplo de cámara Ortográfica



Exemplo de cámara en Perspectiva

Definimos dentro da clase a cámara que imos utilizar facendo uso da clase OrthographicCamera. A instanciamos no método create.

Arquivo PrincipalXogo.java:
Definimos a cámara.

```
public class PrincipalXogo implements ApplicationListener{

	private OrthographicCamera camaraortho;

	@Override
	public void create() {
		// TODO Auto-generated method stub
		camaraortho = new OrthographicCamera();
	}
	.................
```

Agora temos que darlle un tamaño á cámara do que vai visualizar. Dito tamaño é o que se coñece como **VIEWPORT**.



O que se atopa entre o plano near e o plano far é o que se vai visualizar, e o tamaño do que se ve (o viewport) está definido polo rectángulo verde que é igual o rectángulo rosa do fondo. A área que se vai a visualizar é o que se coñece como ViewFrustrum.

O tamaño da pantalla pode variar xa que varía a resolución da mesma. Se aplicamos como tamaño do noso xogo dita resolución non podemos posicionar de forma absoluta os nosos protagonistas, xa que se por exemplo:



Nesta pantalla cunha resolución de 400x200 o punto central estaría na coordenada 200x100.

Pero se nos mandamos debuxar un peixe nese punto e a resolución da pantalla cambia a 800x400:



Como vemos a posición non é a mesma.
Para evitar dito problema podemos 'invetarnos' unhas unidades de medida para o noso xogo.
Por exemplo, segundo vimos antes unha das resolucións máis usadas é a de 800x480 isto da unha relación de aspecto de 800/480 = 1,66. Imos facer que o noso mundo teña un tamaño de 332x200 e así mantemos a nosa relación de aspecto (332/200=1,66).

Polo tanto imos crear unha nova clase (para que quede máis claro) de nome Mundo, onde definimos o tamaño do noso mundo usando unha clase de libgdx denominada Vector2.

Arquivo Mundo.java

```
public class Mundo {

	/**
	 * Indica o tamaño do noso mundo dentro do videoxogo. Inicialmente 332x200
	 */
	public final static Vector2 TAMAÑO_MUNDO = new Vector2(332,200);

}
```

Agora modificamos o método resize da clase PrincipalXogo para darlle o tamaño á cámara ortográfica.

¿ Por que facelo nese método ?
Porque máis adiante veremos como podemos facer cando a resolución da pantalla onde se vai a executar o xogo non ten esta relación de aspecto. Sería dentro deste método onde teríamos que modificar a relación de aspecto da cámara para adaptala á da pantalla ou ben utilizar dito factor para debuxar todo en función do mesmo.

Arquivo PrincipalXogo.java
Modificamos o método resize.

```
@Override
public void resize(int width, int height) {
        // TODO Auto-generated method stub
        camaraortho.setToOrtho(false,Mundo.TAMAÑO_MUNDO.x,Mundo.TAMAÑO_MUNDO.y);
        camaraortho.update();
}
```

Nota: información sobre a relación de aspecto: http://es.wikipedia.org/wiki/Relaci%C3%B3n_de_aspecto

O método para modificar o tamaño da cámara é setToOrtho e leva tres parámetros. O primeiro indica se queremos que a coordenada 'y = 0' sexa abaixo (valor false) ou empeza arriba (valor true).

Nota importante: calquera modificación que se faga sobre a cámara debe chamarse o método update.

Que estamos a facer cando dicimos que a nosa cámara vai ter unhas coordenadas de 332x200 ?

Imaxinemos que temos un dispositivo móbil cunha resolución en pantalla de 800x480. Cando tocamos sobre a pantalla daranos unha coordenadas. Así o centro da pantalla será (400,240). O que imos facer nos será 'proxectar' ditas coordenadas reais a coordenadas da nosa cámara (xa o veremos máis adiante) dándonos unhas coordenadas de (166,100) que é o centro da pantalla da nosa cámara.

Agora temos que debuxar o fondo do noso xogo. Ó gráfico utilizado imos chamarlle **TEXTURA**.
A textura co fondo se atopa no cartafol do DVD /Proxectos Eclipse/Proxecto 2D peixes/1-Version sen gancho/omeuxogo-android/assets/imaxes/pecera1024x512.jpg

Temos que copialo ó cartafol 'assets' do proxecto Android. Podemos crear unha estrutura de cartafois dentro de assets (crear cartafol imaxes).



Nota: Ó non utilizar opengl es 2.0 as texturas teñen que ser potencia de dous (2,4,8,16,32,64,...) no seu ancho e alto. Veremos máis adiante como podemos utilizar unha textura (TextureAtlas) no que estean debuxadas todas as texturas que necesitemos e soamente este arquivo que engloba a todas terá que ser potencia de dous.

Para poder referenciar as texturas dende calquera parte e debido a que cando saímos da aplicación (no caso da versión Android) o contexto gráfico se perde (é dicir, as referencias a todos os recursos gráficos que teñamos xa non valen cando volvemos á aplicación) imos cargar ditas texturas dende unha clase separada na que todas as texturas son de clase (Static).

Arquivo AssetsXogo.java
Creamos a propiedade que carga a textura de fondo e dous métodos para inicialas e liberalas.

```
public class AssetsXogo {

	/**
	 * Textura do fondo
	 */
	public static Texture fondopecera;

	/**
	 * Método encargado de cargar todas as texturas
	 */
	public static void cargarTexturas(){
		FileHandle imageFileHandle = Gdx.files.internal("imaxes/pecera1024x512.jpg");

		fondopecera = new Texture(imageFileHandle);

	}

	/**
	 * Método encargado de liberar todas as texturas
	 */
	public static void liberarTexturas(){
		if (fondopecera!=null)
			fondopecera.dispose();
	}
}
```

Nota: Gdx.files.internal fai referencia o cartafol 'assets' do proxecto Android.

Nota: En Android, cando cambiamos de aplicación (por exemplo se atendemos a unha chamada) pérdese o que se denomina 'contexto de opengl'. Isto significa que todas as texturas cargadas deixan de ter validez cando se volta a aplicación, polo que é necesario cargalas de novo, pero o telas definidas como static isto non é necesario.

Imos facer que cando se inicie o xogo cargue as texturas e cando remate que as libere.

Arquivo PrincipalXogo.java
Modifcamos os métodos create,

```
	@Override
	public void create() {
		// TODO Auto-generated method stub
		AssetsXogo.cargarTexturas();

		camaraortho = new OrthographicCamera();
	}

	@Override
```

```
	public void pause() {
		// TODO Auto-generated method stub

	}

	@Override
	public void resume() {
		// TODO Auto-generated method stub


	}

	@Override
	public void dispose() {
		// TODO Auto-generated method stub
		AssetsXogo.liberarTexturas();

	}
```

Agora necesitamos debuxar dita textura. Para facelo definimos o un obxecto que pertence á clase SpriteBatch.
Establecemos que dito obxecto vai debuxar de acordo ó sistema de coordenadas definido na cámara (332x200). Isto o facemos no método resize.
Definimos o método render e preparamos o obxecto spritebatch para debuxar.

Arquivo PrincipalXogo.java

Definimos o obxecto SpriteBatch, o instanciamos no método resize e preparamos para debuxar no método render.

```
public class PrincipalXogo implements ApplicationListener{

	private OrthographicCamera camaraortho;
	private SpriteBatch spritebatch;


	@Override
	public void create() {
		// TODO Auto-generated method stub
		camaraortho = new OrthographicCamera();
		spritebatch = new SpriteBatch();
	}

	@Override
	public void resize(int width, int height) {
		// TODO Auto-generated method stub
		camaraortho.setToOrtho(false,Mundo.TAMAÑO_MUNDO.x,Mundo.TAMAÑO_MUNDO.y);
		camaraortho.update();

		spritebatch.setProjectionMatrix(camaraortho.combined);
	}

	@Override
	public void render() {
		// TODO Auto-generated method stub
		Gdx.gl.glClearColor(0, 0, 0, 1);		// Borra a pantalla Red-Green-Blue-Alfa
		Gdx.gl.glClear(GL11.GL_COLOR_BUFFER_BIT);

		spritebatch.begin();

		spritebatch.end();


	}
```

Imos analizar pouco a pouco todo o que estamos a facer.

1) Definimos un obxecto da clase SpriteBatch e o instanciamos no método create.
2) No método resize indicámoslle que o seu sistema de coordenadas sexa o definido na cámara. O que temos que ter claro neste momento e que estamos a debuxar puntos nos que se lles aplican operacións con matrices para 'colocalos' no seu sitio. Cando definimos a cámara, indicando un tamaño de viewport, estamos creando unha matriz (matriz de proxección) de tal forma que se aplicamos dita matriz a os puntos este se 'colocan' na posición adecuada.

```
spritebatch.setProjectionMatrix(camaraortho.combined);
```

   Con esta orde estamos a indicar o spritebatch que lle aplique a todo o que debuxe as transformacións gardadas na cámara ortográfica.

   Nota: isto temos que facelo sempre despois de chamar ó método update da cámara

3) No método render() borramos a pantalla en cada fotograma e facemos que todo o que se atope entre o begin e o end sexa enviado á vez a unidade gráfica para a súa visualización. Isto aumenta o rendemento xa que é moito mellor enviar un só gráfico que moitos á GPU (Graphics Process Unit).
   Nota: máis adiante explicaremos o borrado da pantalla.

Agora imos chamar a un método que debuxe o fondo. Dito método chamarase dibuxarFondo e será chamado dende o begin – end do obxecto spritebatch. Para debuxar unha textura só temos que usar o método draw do obxecto spritebatch, mandándolle a textura, posición e o tamaño do que se quere debuxar.

Arquivo PrincipalXogo.java
Creamos o método dibuxarFondo.

```
/** Dibuxa o fondo do xogo
 *
 */
private void dibuxarFondo(){
        spritebatch.draw(AssetsXogo.fondopecera,0,0,Mundo.TAMAÑO_MUNDO.x,Mundo.TAMAÑO_MUNDO.y);
}
@Override
public void render() {
        // TODO Auto-generated method stub
        Gdx.gl.glClearColor(0, 0, 0, 1);        // Borra a pantalla Red-Green-Blue-Alfa
        Gdx.gl.glClear(GL11.GL_COLOR_BUFFER_BIT);

        spritebatch.begin();

        dibuxarFondo();

        spritebatch.end();
}
```

Aumentando o rendimento: O nivel de transperencia.
As cores.

Cando debuxamos un gráfico, a textura ten información de que cor ten que ter cada pixel que se vai debuxar.
Esta información segue un modelo de cores. Nos imos a centrarnos no modelo RGB (Red Green Blue). Existen outros modelos coma YUV ou CMYK.

Con estas tres cores básicas (vermello, verde e azul) podemos ter calquera cor, mesturándoos na proporción correcta.
Por exemplo:



Información sacada do libro Beginning Android 4 Games

Ditos cores se especifican coa combinación de tres: RED – GREEN – BLUE.
Cada cor básico pode expresarse cun número flotante entre 0.0 – 1.0 (sendo 1 a intensidade máis grande e 0 a máis pequena).
Tamén podemos codificar cada cor cun byte con valor entre 0 a 255.

Dependendo das diferentes opcións podemos ter:

- Codificación RGB de 32 bits: ten 12 bytes por cada pixel (32 bits por cor (ó ser flotante) = 4 bytes x 3 cores=12 bytes). As intensidades poden varias entre 0.0 e 1.0
- Codificación RGB de 24 bits: ten 3 ou 4 bytes (se ten alfa, visto despois) por cada pixel (8 bits por cor = 1 bytes x 3 cores=3 bytes). As intensidades poden varias entre 0 e 255. A orde dos compoñentes pode ser RGB ou BGR. Se coñece coma RGB888 ou BGR888.
- Codificación RGB de 16 bits: ten 2 bytes por cada pixel. Red e blue teñen unha intensidade que varía entre 0 e 31 (5 bits x 2 = 10 bits) e o verde unha intensidade entre 0 e 63 (6 bits). A orde pode ser RGB ou BGR e se coñece coma RGB565 ou BGR565.

O normal e que traballemos co formato RGB888.

Formato de imaxes.

Á hora de gardar as imaxes temos multitude de formatos.
Dous dos máis coñecidos son: **JPEG e PNG**.

JPEG é un formato que perde calidade con respecto a imaxe orixinal.
PNG non perde calidade e é idéntica a imaxe orixinal.

Sempre que utilicemos unha imaxe que non requira transparencias (visto a continuación) nin unha calidade excesiva deberemos elixir jpg xa que ten un gran nivel de compresión.

Compoñente ALFA e transparencias.

A compoñente alfa e un valor que indica o nivel de transparencia dunha imaxe. Normalmente ó superpoñer unha imaxe sobre outra a imaxe superior 'tapa' a inferior. Pero no caso de gráficos como personaxes en movemento, queremos que só se superpoña a imaxe do personaxe. O problema ven que cando definimos un personaxe este se define cun rectángulo:



Información obtida do libro 'Beginning Android 4 Games'

O poñer enriba do fondo a imaxe do personaxe pasaría isto:

Grazas o compoñente alfa podemos establecer que unha determinada cor sexa transparente (o que se coñece como alfa).

Así, no caso anterior de formato gráfico, podemos falar de RGBA8888 (e as súas variantes). Con isto estamos a dicir que a compoñente alfa está composto por un valor que vai dende 0 (totalmente transparente) a 255 (totalmente opaco).

Se facemos que a cor branca sexa transparente teremos isto:



Nos imos utilizar o programa GIMP para facer este tipo de efectos.
Dito programa o podemos descargar dende http://www.gimp.org.es/ ou ben instalalo dende o DVD no cartafol /SOFTWARE/Graficos/gimp-2.8.2-setup-1.exe.

O que temos que ter claro é que **se a imaxe necesita transparencias non podemos gardalaen formato JPG xa que non o soporta**. Utilizaremos o formato PNG.

Vídeo de cómo hacer un fondo transparente en GIMP: https://www.youtube.com/watch?v=m-7j6bP94fg

Outra forma de facelo:



Exemplo de como cambiar unha cor e que sexa transparente.

En vez de suprimir cambiamos unha cor.

Voltando ó noso xogo.

Cando debuxamos o fondo este non vai ter transparencia ningunha, e para aumentar o rendemento podemos informarlle ó obxecto spritebach que desactive a mesma:

```
/** Dibuxa o fondo do xogo
 *
 */
private void dibuxarFondo(){
        spritebatch.disableBlending();
        spritebatch.draw(AssetsXogo.fondopecera,0,0,Mundo.TAMAÑO_MUNDO.x,Mundo.TAMAÑO_MUNDO.y);
        spritebatch.enableBlending();
}
```

Nota: a clase SpriteBatch ten varios métodos que podemos usar, coma por exemplo setColor(r,g,b,a) que debuxa un tinte na textura coa cor indicada e co nivel de transparencia que indiquemos (a = alfa; se é igual a 1 é totalmente opaco e con 0 totalmente transparente).

Agora que temos o fondo imos debuxar o pescador.
Para isto facemos o mesmo que co fondo, copiamos a textura do pescador (se atopa na solución do proxecto no DVD no cartafol /Proxectos Eclipse/Proxecto 2D peixes/1-Version sen

gancho/omeuxogo-android/assets/imaxes/pescador.png) ó cartafol assets/imaxes do noso proxecto.

Cargamos dita textura no método cargarTexturas e a liberamos.

Arquivo AssetsXogo.java
Cargamos a textura do pescador e a liberamos.

```
	public static void cargarTexturas(){
		FileHandle imageFileHandle = Gdx.files.internal("imaxes/pecera1024x512.jpg");
		fondopecera = new Texture(imageFileHandle);

		imageFileHandle = Gdx.files.internal("imaxes/pescador.png");
		pescador = new Texture(imageFileHandle);


	}
	public static void liberarTexturas(){
		if (fondopecera!=null)
			fondopecera.dispose();
		if (pescador!=null)
			pescador.dispose();
	}
```

Agora temos que saber onde debuxar dita textura. Para facelo máis fácil de manter imos crear unha clase Pescador que teña coma atributos a posición. Dita posición estará gardada nunha propiedade que pertenza á clase Vector2 que proporciona o framework e que permite gardar dous valores (x,y). Tamén imos gardar o tamaño da barca (con respecto ó noso sistema de coordenadas da cámara, é dicir, 332x200).

Arquivo Pescador.java
Definimos a posición e tamaño con Vector2. O tamaño será unha constante de clase.
Inicializamos no constructor a posición.
Creamos os método set e get para cada un deles.

Nota: Os métodos get e set pódense xerar de forma automática premendo o botón dereito sobre a pantalla de código e escollendo a opción 'Source' => Generate Getters and Setters.

```
/**
 * Representa o pescador coa barca
 * @author angel
 *
 */
public class Pescador {

	private Vector2 posicion;
	/**
	 * Tamaño do pescador. Inicialmente
	 */
	public static final Vector2 TAMAÑO = new Vector2(50,50);

	public Pescador(){
		posicion = new Vector2(50,128);
	}

	/**
	 * Devolve a posicion do pescador
	 * @return posicion
	 */
	public Vector2 getPosicion() {
		return posicion;
	}
```

```
	public void setPosicion(Vector2 posicion) {
		this.posicion = posicion;
	}

}
```

Imos a instanciar a clase Pescador dende o clase Mundo e crearemos en dita clase un método que devolva o pescador.

Arquivo Mundo.java
Definimos a propiedade Pescador e a instanciamos no constructor.
Creamos un método get para dita propiedade.

```
	/**
	 * O pescador do noso mundo
	 */
	private Pescador pescador;

	public Mundo(){
		pescador = new Pescador();
	}

	/**
	 * Devolve o pescador do noso mundo
	 * @return pescador
	 */
	public Pescador getPescador(){
		return pescador;
	}
```

Agora só temos que dibuxalo como fixemos co fondo pero utilizando os datos do pescador.
Debemos obter o pescador a través do método getPescador da clase Mundo.

Arquivo PrincipalXogo.java
Definimos unha propiedade mundo que instanciamos no create.
Definimos unha propiedade pescador que asinamos no create.
Creamos un método dibuxarPescador que dibuxe o pescador.

```
	private Mundo mundo;
	private Pescador pescador;
	@Override
	public void create() {
		// TODO Auto-generated method stub
		AssetsXogo.cargarTexturas();

		camaraortho = new OrthographicCamera();
		spritebatch = new SpriteBatch();

		mundo = new Mundo();
		pescador = mundo.getPescador();
	}
	/**
	 * Dibuxa o pescador
	 */
	private void dibuxarPescador(){

		spritebatch.draw(AssetsXogo.pescador,pescador.getPosicion().x,pescador.getPosicion().y,
				Pescador.TAMAÑO.x,Pescador.TAMAÑO.y);
	}
	@Override
```

```
public void render() {
        // TODO Auto-generated method stub
        Gdx.gl.glClearColor(0, 0, 0, 1);        // Borra a pantalla Red-Green-Blue-Alfa
        Gdx.gl.glClear(GL11.GL_COLOR_BUFFER_BIT);

        spritebatch.begin();

        dibuxarFondo();
        dibuxarPescador();

        spritebatch.end();
}
```

Agora temos que mover o pescador. Para isto imos a utilizar o concepto de velocidade. Para mover o soldado imos darlle unha velocidade. Inicialmente dita velocidade estará a 0. Cando premamos unha tecla ou movamos o móbil, aumentaremos a velocidade do pescador.

Creamos por tanto un método update no que lle pasaremos un parámetro de nome delta e tipo float. (despois veremos para que sirve).
Dito método update vai mover a posición X do pescador en función da velocidade.
A velocidade vai indicar cantas 'unidades por segundo' vai moverse o noso pescador.
Lembrar que o noso mundo mide 332x200.

Por tanto definiremos unha propiedade velocidade inicialmente a 0, co método set asociado.

Arquivo Pescador.java
Creamos o método update.
Definimos a velocidade cos métodos get e set.

```
/**
 * Velocidade do pescador
 */
private float velocidade=0;
.............
/**
 * Modifica a velocidade do pescador
 * @param velocidade: a nova velocidade
 */
public void setVelocidade(float velocidade) {
        this.velocidade = velocidade;
}
/**
 * Devolve a velocidade do pescador
 * @return velocidade
 */
public float getVelocidade(){
        return velocidade;
}
/**
 * Actualiza a posición do pescador en función da velocidade
 * @param delta: tempo entre unha chamada e a seguinte
 */
public void update(float delta){
        posicion.x +=velocidade*delta;
}
.................
```

Aquí entra en xogo outro concepto: **o tempo delta.**
Delta é o tempo que pasa entre unha chamada ó método e a seguinte chamada.

Nota: dende calquera sitio podemos facer uso do seguinte método para obter delta:

```
float delta = Gdx.graphics.getDeltaTime();
```

E para que sirve dito valor ?

Imaxinemos que temos dous dispositivos Android, un funcionado a 60fps (fps: fotogramas por segundo) e outro a 30fps.

Isto quere dicir que vai chamar ó método update ese número de veces por segundo. Se temos a seguinte instrución para mover o noso pescador:

```
mundo.getPescador().getPosicion().x-=1;
```

Como temos no noso xogo un ancho de 332 unidades.

Vai suceder que:

Máquina1:

60fps => móvese 60 unidades por segundo => Tarda 332/60 en percorrer toda a pantalla => 5,5 segundos.

Máquina2:

30fps => móvese 30 unidades por segundo => Tarda 332/30 en percorrer toda a pantalla => 11 segundos.

Polo tanto o pescador moveríase máis rápido na primeira máquina e non parece moi xusto :). Como podemos facer para que o movemento do pescador sexa independente do hardware da máquina ?

Pois multiplicando a velocidade do soldado por delta, sendo delta o tempo que tarda en chamar ó método de actualización da posición.

Por exemplo, seguindo o caso anterior:

Máquina1:
Delta = 1/60
Pescador.x -= delta*1

Canto tarda o soldado en percorrer 332 unidades ?

Nun segundo percorre 1 unidade => 60*1/60*1
É delta
60 son as veces que chama por segundo
Entón en **332 segundos** percorre 332 unidades.

Máquina2:
Delta = 1/30
Pesador.x -=delta*1
Canto tarda o pesador en percorrer 332 unidades ?

Nun segundo percorre 1 unidade => 30*1/30*1

É delta

30 son as veces que chama por segundo

Entón en **332 segundos** percorre 332 unidades.

Como vemos tarda o mesmo.
O que está facendo é axustar diminuíndo a velocidade do pescador en función de delta. Se delta é máis grande (chama moitas veces por segundo) fai que se mova máis lentamente.

O valor 1 é velocidade que ten o pescador. Podemos aumentala para que tarde menos en percorrer toda a pantalla (332 unidades) pero o tempo será igual en calquera dispositivo.
Exercicio:

Imos facer que no noso caso o pescador tarde 4 segundos en percorrer toda a pantalla.
Qué velocidade teríamos que darlle ?

Solución:
Velocidade = espazo / tempo = 332 / 4 = 83

Definimos a velocidade coma unha constante de clase na clase Pescador.
Arquivo Pescador.java
Engadimos unha constante coa velocidade que pode ter o pescador.

```
/**
 * Velocidade que toma o pescador cando se move. Inicialmente 83
 */
public final static float VELOCIDADE_MAX=83;
```

Agora imos chamar ó procedemento update do pescador dende o render da clase PrincipalXogo.

Arquivo PrincipalXogo.java
Definimos unha propiedade delta de tipo float.
Asinamos deltatime a dita propiedade no método render.
Chamamos dende o método render ó método update do pescador.

```
private float delta;
@Override
public void render() {
        // TODO Auto-generated method stub
        Gdx.gl.glClearColor(0, 0, 0, 1);        // Borra a pantalla Red-Green-Blue-Alfa
        Gdx.gl.glClear(GL11.GL_COLOR_BUFFER_BIT);

        spritebatch.begin();

        dibuxarFondo();
        dibuxarPescador();

        spritebatch.end();

        delta = Gdx.graphics.getDeltaTime();
        pescador.update(delta);
}
```

Se executamos agora o xogo o pescador non se move xa que será necesario modificar a velocidade.

Para modificar a velocidade temos que 'capturar' os eventos de entrada.
No noso xogo temos a opción de teclado (para o caso da versión Desktop) e o acelerómetro para a versión Android.

Para ver isto primeiro temos que falar das INTERFACES DE XESTIÓN DE EVENTOS.

O motor libgdx ten dúas interfaces para xestionar todos os eventos:

- InputProcessor: Xestiona os eventos de pulsación sobre a pantalla e arrastre do dedo...
- GestureListener: Xestiona outro tipo de eventos coma son os de dobre pulsación (evento tap), o clásico movemento con dous dedos para facer un zoom da pantalla (evento zoom)....

No noso xogo imos a utilizar só a primeira interface.

Arquivo PrincipalXogo.java
Engadimos a interface e os métodos da mesma.

```
public class PrincipalXogo implements ApplicationListener,InputProcessor{
	@Override
	public boolean keyDown(int keycode) {
		// TODO Auto-generated method stub
		return false;
	}

	@Override
	public boolean keyUp(int keycode) {
		// TODO Auto-generated method stub
		return false;
	}

	@Override
	public boolean keyTyped(char character) {
		// TODO Auto-generated method stub
		return false;
	}

	@Override
	public boolean touchDown(int screenX, int screenY, int pointer, int button) {
		// TODO Auto-generated method stub
		return false;
	}

	@Override
	public boolean touchUp(int screenX, int screenY, int pointer, int button) {
		// TODO Auto-generated method stub
		return false;
	}

	@Override
	public boolean touchDragged(int screenX, int screenY, int pointer) {
		// TODO Auto-generated method stub
		return false;
	}

	@Override
	public boolean mouseMoved(int screenX, int screenY) {
		// TODO Auto-generated method stub
		return false;
```

```
	}

	@Override
	public boolean scrolled(int amount) {
		// TODO Auto-generated method stub
		return false;
	}
```

Podedes consultar o que fai cada un dos métodos en:
http://code.google.com/p/libgdx/wiki/InputEvent

Os da interface GestureListener os podedes atopar en:
http://code.google.com/p/libgdx/wiki/InputGestureDetection

No noso caso imos a capturar a tecla esquerda - dereita e en función de súa pulsación modificamos a velocidade do pescador (Nota: a clase Keys ten a relación de todas as teclas).

Exercicio: realizalo anterior.

Solución:

```
	@Override
	public boolean keyDown(int keycode) {
		// TODO Auto-generated method stub
		if (keycode==Keys.LEFT){
			pescador.setVelocidade(-Pescador.VELOCIDADE_MAX);
		}
		if (keycode==Keys.RIGHT){
			pescador.setVelocidade(Pescador.VELOCIDADE_MAX);
		}
		return false;
	}
```

Nota: o return true / false de cada método indica se o S.O. debe de seguir controlando o evento (mandaría a 'sinal' de tecla pulsada ó resto de aplicacións do S.O.) ou non.

Parace que xa está verdade ?
POIS NON!!!

Se facedes a proba podedes observar coma o pescador non se move.
Isto é debido a que temos que informarlle ó motor de xogos de que a nosa clase (PrincipalXogo) vai ser a que xestione os eventos (ata o de agora só estamos modificando métodos dunha interface que incorporamos).

O facemos coa orde Gdx.input. setInputProcessor(clase que ten a interface InputProcessor).
Cando saímos do xogo teríamos que liberar a xestión de eventos enviándolle null coma clase.

Arquivo PrincipalXogo.java
Asinar a clase que vai a xestionar os eventos no método create e liberala no dispose.

```
	@Override
	public void create() {
		// TODO Auto-generated method stub
		AssetsXogo.cargarTexturas();

		camaraortho = new OrthographicCamera();
		spritebatch = new SpriteBatch();

		mundo = new Mundo();
		pescador = mundo.getPescador();
```

```
        Gdx.input.setInputProcessor(this);
}
@Override
public void pause() {
        // TODO Auto-generated method stub

        Gdx.input.setInputProcessor(this);
}

@Override
public void resume() {
        // TODO Auto-generated method stub

        Gdx.input.setInputProcessor(null);
}

@Override
public void dispose() {
        // TODO Auto-generated method stub
        AssetsXogo.liberarTexturas();
        Gdx.input.setInputProcessor(null);
}
```

Podedes probar agora o xogo e podedes observar que temos un problema. O pescador non para. Temos que capturar o evento de liberar a tecla para poñer a velocidade a 0.

Exercicio: poñer a 0 a velocidade
Solución:

Arquivo PrincipalXogo.java

```
@Override
public boolean keyUp(int keycode) {
        // TODO Auto-generated method stub
        if ((keycode==Keys.LEFT) || (keycode==Keys.RIGHT)){
                pescador.setVelocidade(0);
        }

        return false;
}
```

Agora imos poñerlle uns limites o pescador para cando chegue ó final da pantalla ou o principio. O que temos que facer é controlar a posición, mirar se chega os límites (os temos na clase Mundo) e asinarlle a posición onde se produce o choque (os límites).

Arquivo PrincipalXogo.java
Creamos un método controlarPescador que leve control sobre a posición do pescador para os límites.
Chamamos a dito método dende o método render.

```
@Override
public void render() {
        // TODO Auto-generated method stub
        Gdx.gl.glClearColor(0, 0, 0, 1);        // Borra a pantalla Red-Green-Blue-Alfa
        Gdx.gl.glClear(GL11.GL_COLOR_BUFFER_BIT);

        spritebatch.begin();

        dibuxarFondo();
        dibuxarPescador();

        spritebatch.end();
```

```
            delta = Gdx.graphics.getDeltaTime();
            pescador.update(delta);
            controlarPescador();


    }
    /**
     * Controla o pescador: límites
     */
    private void controlarPescador(){
            if (pescador.getPosicion().x >= Mundo.TAMAÑO_MUNDO.x-Pescador.TAMAÑO.x){
                    pescador.setPosicion(new Vector2(Mundo.TAMAÑO_MUNDO.x-Pescador.TAMAÑO.x,
                                    pescador.getPosicion().y));
            }
            if (pescador.getPosicion().x <= 0){
                    pescador.setPosicion(new Vector2(0,pescador.getPosicion().y));
            }
    }
```

Nota: podemos aumentar o rendemento se en vez de crear un Vector2 xa temos unha propiedade creada temporal (xa instanciada) e así non temos que crear un novo vector cada vez, ou ben crear un novo método en Pescador para asinarlle a posición pero enviándolle dous valores (x,y) de tipo float.

Agora imos controlalo co acelerómetro do dispositivo Android.
Podemos ver como controlar o acelerómetro en libgdx:
http://code.google.com/p/libgdx/wiki/InputAccelerometer

Modificamos o AndroidManifest.xml na versión Android (visto anteriormente):

```
<uses-feature android:required="true" android:name="android.hardware.sensor.accelerometer"/>
```

Modificamos a configuración no método onCreate da MainActivity:

```
cfg.useAccelerometer=true;
```

Nota: como podemos ver no enlace anterior poderíamos comprobar se o dispositivo ten acelerómetro e en caso contrario ofrecer outro tipo de control.

No noso caso imos controlar o acelerómetro do eixe 'y' de tal forma que se o valor do mesmo é maior que 2, asinamos o pescador a velocidade máxima en positivo e se é menor que -2, a velocidade máxima en negativo.
Non nos podemos esquecer de que cando o acelerómetro teña un valor entre -2 e +2 debemos asinar a velocidade 0 ó pescador.
Tamén temos que ter en conta que non debe facer nada en caso de non dispoñer de acelerómetro (por exemplo se executamos a versión desktop).

Exercicio: facer o dito anteriormente.

Arquivo PrincipalXogo.java
Creamos un método novo de nome controlarAcelerómetro que controle o acelerómetro e sexa chamado dende render.

```
    public void render() {
            // TODO Auto-generated method stub
            Gdx.gl.glClearColor(0, 0, 0, 1);        // Borra a pantalla Red-Green-Blue-Alfa
```

```
            Gdx.gl.glClear(GL11.GL_COLOR_BUFFER_BIT);

            spritebatch.begin();

            dibuxarFondo();
            dibuxarPescador();

            spritebatch.end();

            delta = Gdx.graphics.getDeltaTime();
            pescador.update(delta);
            controlarPescador();
            controlarAcelerometro();
    }
    /**
     * Controla o acelerómetro para mover o pescador
     */
    public void controlarAcelerometro(){

            if (!Gdx.input.isPeripheralAvailable(Peripheral.Accelerometer))
                    return;
            int inclinacion = (int) Gdx.input.getAccelerometerY();

            if (inclinacion > 2)
                    pescador.setVelocidade(Pescador.VELOCIDADE_MAX);
            if (inclinacion < -2)
                    pescador.setVelocidade(-Pescador.VELOCIDADE_MAX);
            if ((inclinacion>-2) && (inclinacion<2))
                    pescador.setVelocidade(0);
    }
```

Agora imos facer que cando se pulse a pantalla (ou ben se pulse a tecla ABAIXO) o gancho baixe e cando o solte ou chegue ata o chan, suba ata arriba.

Teríamos varias opcións para facer dita solución. Nos imos a usar as **TEXTURE REGION** que veñen a ser partes dunha texture.
O que imos facer será coller a imaxe do pescador e facer dúas 'texture region', unha que será o pescador e outra o gancho que se moverá.

Todas a información de cada unha destas partes vai ir gardadas nun Texture Atlas.

Un atlas ven a ser un arquivo onde están gardadas as coordenadas (posición e tamaño) para facer referencia a partes dun arquivo de imaxe png no que se atopan todas as texturas necesarias do noso xogo (texturas 2D).

Para crear dito atlas temos que ter nun cartafol todos os arquivos que conforman todas as texturas do noso xogo (se son moitas se poderían facer varias, agrupándoas por categorías ou como queira o programador).

As vantaxes que teñen o uso dun Atlas temos:

- As dimensións dos gráficos xa non teñen que ser potencias de dous aínda que utilicemos o Open gl 1.0. Só ten que ser potencia de dous o arquivo con todos os gráficos.
- Temos un mellor rendemento xa que só temos que acceder unha vez o disco para cargar as texturas.

O proceso:

- Primeiro temos que engadir a eclipse un proxecto que podemos atopar no repositorio do Libgdx de nome Gdx-tools (con este proxecto veñen moitas máis utilidades das descritas aquí). https://github.com/libgdx/libgdx/tree/master/extensions/gdx-tools
  Nota: existen contornos gráficos para facer o mesmo que imos explicar.
- Despois podemos crear un paquete no que crearemos unha clase co método main:



- Dentro do método main poñeremos o seguinte:

```
TexturePacker2.process("C:\\temporal\\texturas", "C:\\temporal\\saida", "texturasxogo");
```

  Nota: haberá que importar a clase con Ctrl+Shift+O

Sendo o primeiro parámetro o cartafol onde están todas as texturas:

O segundo parámetro é o cartafol de saída, onde se van crear os dous arquivo necesarios.

O terceiro parámetro indica o nome que van levar ou dous arquivos que van crearse cando executemos a clase. No caso de exemplo teremos:



Unha vez temos os arquivos os levamos ó cartafol Assets do proxecto Android.
Para cargar cada unha das texturas, xa dentro do noso proxecto de xogo co motor Libgdx poñeremos:

```
        public static TextureAtlas texturas_todas = new TextureAtlas("texturas/texturasxogo.atlas");
```

// Exemplo de texturas cargadas a partires do exemplo:

```
        public static TextureRegion textura_fondo_negro;
        public static TextureRegion textura_control[] = new TextureRegion[4];

        textura_fondo_negro = texturas_todas.findRegion("fondonegro");
        textura_control[0] = texturas_todas.findRegion("buttonnexticon32");
        textura_control[1] = texturas_todas.findRegion("buttonpreviousicon32");
        textura_control[2] = texturas_todas.findRegion("buttonupicon32");
        textura_control[3] = texturas_todas.findRegion("buttondownicon32");
```

Como vemos, **referenciamos cada textura polo nome físico** que tiña cada unha delas.
Nota: indicar que en vez de usar un obxecto da clase Texture utilizamos un da clase TextureRegion, pero o seu funcionamento é o mesmo.

Se o facemos utilizando a **GUI**:

Nota: Antes disto, imos dividir a imaxe do pescador en dúas, o pescador e o gancho. Unha vez feito

as gardamos nun cartafol e executamos a aplicación.

Para crear un Texture Atlas podemos usar programas comerciais como o texture packer: http://www.codeandweb.com/texturepacker

Ou ben usar unha aplicación feita para o framework, a cal se atopa no DVD /Software/Graficos/gdx-texturepacker-3.2.0/iniciar.bat

Podedes consultar como funciona en: http://code.google.com/p/libgdx/wiki/TexturePacker



As imaxes orixinais as temos en:

/DVD/Proxectos Eclipse/Proxecto 2D peixes/imaxes/entrada

As imaxes a copiar nun cartafol serán: pescador_sengancho.png - gancho.png

Unha vez xerado a textura e o atlas os debemos gardar no cartafol assets da versión Android e xa poderíamos borrar a imaxe do pescador que tiñamos antes.



Agora temos que modificar a clase que carga os Assets, para indicarlle que ten que cargar o atlas e modificar o pescador para que sexa un TextureRegion:

Arquivo AssetsXogo.java
Se cargar un atlas coas texturas e se modifica a propiedade pescador de Texture => TextureRegion.

```
/**
 * Textura Atlas con todos os gráficos.
 */
static TextureAtlas texturas_todas;

/**
 * Textura do pescador
 */
public static TextureRegion pescador;

public static void cargarTexturas(){

        texturas_todas = new TextureAtlas("imaxes/pescador_atlas.atlas");
        FileHandle imageFileHandle = Gdx.files.internal("imaxes/pecera1024x512.jpg");
        fondopecera = new Texture(imageFileHandle);

        pescador = texturas_todas.findRegion("pescador_sengancho");
}
public static void liberarTexturas(){
        if (fondopecera!=null)
                fondopecera.dispose();
        if (texturas_todas!=null)
                texturas_todas.dispose();
}
```

NOTA: existe unha clase AssetManager que pode empregarse para cargar as texturas de forma asíncrona, de tal forma que a aplicación non quede 'colgada' por tempo de carga moi alto.
O lóxico sería ter unha pantalla específica (cunha barra de progreso) que cargue os recursos gráficos e de son.

Máis información en: http://code.google.com/p/libgdx/wiki/AssetManager

Agora tamén temos que cargar o gancho nunha textura e posicionalo. Como o gancho vai ter unha posición e velocidade diferente ó pescador podemos facer unha clase para gardar dita información. Tamén terá un método update no que se modificará a posición en función da velocidade (só se modificará a posición 'y' xa que a 'x' será igual á da barca) e que será chamado dende o método render da clase PrincipalXogo.

Arquivo AssetsXogo.java
Cargamos a textura do gancho.

```
/**
 * Textura do gancho
 */
public static TextureRegion gancho;

public static void cargarTexturas(){
        texturas_todas = new TextureAtlas("imaxes/pescador_atlas.atlas");

        FileHandle imageFileHandle = Gdx.files.internal("imaxes/pecera1024x512.jpg");
        fondopecera = new Texture(imageFileHandle);

        pescador = texturas_todas.findRegion("pescador_sengancho");
        gancho = texturas_todas.findRegion("gancho");
}
```

Creamos a clase Gancho.

Arquivo Gancho.java
Propiedades tamaño, velocidade, posición.
Métodos get e set.
Método update: modifica a posición y en función da velocidade.

PERO PARADE UN POUCO !!!!!

Resulta que moitos dos métodos e propiedades son os mesmos que no caso do pescador.
Podemos facer unha clase abstracta que incorpore ditas propiedades e métodos e despois darlles os valores concretos para cada clase.

Arquivo Personaxes.java
Propiedades e métodos comúns. Clase Abstracta.
Tamaño deixe de ser static final para ser public xa que se non teríamos que definilo en cada subclase e o facemos public para acceder directamente sen usar get ou set xa que o tamaño non vai variar nunca. O mesmo que a velocidade máxima.
Creamos un método setPosicion(float,float) para non ter que facer new´s cando queiramos modificar a posición.

```
public abstract class Personaxe {

	/**
	 * Instancia unha personaxe
	 * @param posicion
	 * @param tamaño
	 * @param velocidade_max
	 */
	public Personaxe(Vector2 posicion, Vector2 tamaño, float velocidade_max){
		this.posicion=posicion;
		this.tamaño=tamaño;
		this.velocidade_max=velocidade_max;
	}
	/**
	 * Velocidade que toma cando se move.
	 */
	public int velocidade_max;
	/**
	 * Velocidade actual
	 */
	protected int velocidade=0;
	/**
	 * Posición
	 */
	protected Vector2 posicion;
	/**
	 * Tamaño
	 */
	public Vector2 tamaño;


	/**
	 * Devolve a posicion
	 * @return posicion
	 */
	public Vector2 getPosicion() {
		return posicion;
	}
```

```
        /**
         * Modifica a posición
         * @param posicion: a nova posicion
         */
        public void setPosicion(Vector2 posicion) {
                this.posicion = posicion;
        }

        /**
         * Modifica a posición
         * @param x: nova posición x
         * @param y: nova posición y
         */
        public void setPosicion(float x,float y){
                posicion.x = x;
                posicion.y = y;
        }

        /**
         * Modifica a velocidade
         * @param velocidade: a nova velocidade
         */
        public void setVelocidade(float velocidade) {
                this.velocidade = velocidade;
        }
        /**
         * Devolve a velocidade
         * @return velocidade
         */
        public float getVelocidade(){
                return velocidade;
        }

        /**
         * Actualiza a posición en función da velocidade
         * @param delta: tempo entre unha chamada e a seguinte
         */
        abstract void update(float delta);

}
```

Arquivo Gancho.java

Deriva de Personaxes.java

```
public class Gancho extends Personaxe{

        public Gancho(){
                super(new Vector2(0,158),new Vector2(10,10), 30);
        }
        @Override
        public void update(float delta) {
                // TODO Auto-generated method stub
                posicion.y+=velocidade*delta;
        }

}
```

Exercicio: Modificar a clase Pescador para que derive de Personaxes.

Solución:

```
public class Pescador extends Personaxe {

        public Pescador(){
                super(new Vector2(50,128),new Vector2(50,50),83);
        }


        /**
         * Actualiza a posición do pescador en función da velocidade
```

```
         * @param delta: tempo entre unha chamada e a seguinte
         */
        public void update(float delta){
                posicion.x +=velocidade*delta;
        }
}
```

Agora imos debuxar o gancho.
O gancho sempre vai a acompañar o pescador no eixe x e variará a posición 'y' en función da velocidade.

Imos a implementar isto.

Arquivo PrincipalXogo.java
Creamos o método dibuxarGancho que debuxe o gancho en función da súa posición.
Creamos o método actualizarGancho para que modifique a posición en función da posición do pescador e chame ó método update do gancho. Dito método será chamado dende o render.

```
        /**
         * Debuxa o gancho do pescador
         */
        private void dibuxarGancho(){
                spritebatch.draw(AssetsXogo.gancho,gancho.getPosicion().x,gancho.getPosicion().y,
                        gancho.tamaño.x,gancho.tamaño.y);
        }

        @Override
        public void render() {

                ...................
                spritebatch.begin();

                dibuxarFondo();
                dibuxarPescador();
                dibuxarGancho();

                ..............

                spritebatch.end();


                pescador.update(delta);
                actualizarGancho(delta);
                actualizarPeixes(delta);
                ......................
        }

        /**
         * Actualiza a posición en función da posición do pescador
         * Chama a update do gancho
         * @param delta
         */
        private void actualizarGancho(float delta){

                gancho.setPosicion(pescador.getPosicion().x+42,gancho.getPosicion().y);
                gancho.update(delta);

        }
```

O seguinte que temos que solucionar é baixar o gancho do pescador ó premer a pantalla (ou pulsar a tecla abaixo na versión Desktop).

En principio temos que darlle unha velocidade ó gancho ó premer e poñer a velocidade en negativo

cando soltemos. Pero como máis adiante imos ter que saber se o gancho está en estado de 'pescando' para recoller un peixe, imos crear unha propiedade de tipo booleana en Gancho.

Arquivo Gancho.java

Creamos unha propiedade booleana pescando=false e os métodos get e set.

```
private boolean pescando;

/**
 * Devolve true ou false se está pescando
 * @return pescando
 */
public boolean getPescando() {
	return pescando;
}

/**
 * Cambia o estado de pescando
 * @param pescando
 */
public void setPescando(boolean pescando) {
	this.pescando = pescando;
}
```

Arquivo PrincipalXogo.java

O premer sobre a pantalla ou tecla abaixo modifica a velocidade 'y' do gancho á '-velocidade máxima'.

Ó levantar o dedo da pantalla ou deixar de premer a tecla abaixo modifica a velocidade 'y' do gancho á '+velocidade máxima'.

```
@Override
public boolean keyDown(int keycode) {
	// TODO Auto-generated method stub
	if (keycode==Keys.LEFT){
		pescador.setVelocidade(-pescador.velocidade_max);
	}
	if (keycode==Keys.RIGHT){
		pescador.setVelocidade(pescador.velocidade_max);
	}
	if (keycode==Keys.DOWN){
		gancho.setVelocidade(-gancho.velocidade_max);
	}
	return false;
}

@Override
public boolean keyUp(int keycode) {
	// TODO Auto-generated method stub
	if ((keycode==Keys.LEFT) || (keycode==Keys.RIGHT)){
		pescador.setVelocidade(0);
	}
	if (keycode==Keys.DOWN){
		gancho.setVelocidade(+gancho.velocidade_max);
	}

	return false;
}
```

Agora temos que facer que cando o gancho baixe e deixemos de premer a tecla de baixar, este non poida volver baixar ata que chegue arriba. Para isto imos utilizar a variable booleana 'pescando' da clase Gancho.

Imos facer que cando o pescador pulse a pantalla (ou tecla abaixo) cambie o estado de dita variable e que ás veces que prema a pantalla estando nese estado non faga nada.
Tamén teremos que controlar cando o gancho chega arriba de todo para que a velocidade y sexa igual a 0 e cando chegue abaixo de todo para que a velocidade sexa positiva (suba o gancho).

Definimos na clase Gancho o límite superior do gancho cunha constante de clase.

Arquivo Gancho.java
Definimos na clase Gancho o límite superior do gancho cunha constante de clase.

```
	public final static int LIMITE_Y_SUPERIOR = 158;
```

Arquivo PrincipalXogo.java
Cambiamos a velocidade do gancho e a variable pescando en función da posición do gancho.
Definimos un método controlarGancho que controle os límites do gancho para que cambie de sentido (cando chega abaixo de todo) e pare (cando chegue arriba).
Chamamos a dito método dende o render.

```
	/**
	 * Controla os límites do gancho
	 */
	private void controlarGancho(){
		if (gancho.getPosicion().y>Gancho.LIMITE_Y_SUPERIOR){ // Poñer sempre '>' nunca '==' xa que se move con valores float´s
			gancho.setVelocidade(0);
			gancho.setPescando(false);
			gancho.getPosicion().y=Gancho.LIMITE_Y_SUPERIOR;
		}
		else {
			if (gancho.getPosicion().y<=0){  // Limite inferior
				gancho.setVelocidade(+gancho.velocidade_max);
			}
		}
	}

	@Override
	public void render() {
		// TODO Auto-generated method stub
//		Gdx.gl.glClearColor(0, 0, 0, 1);		// Borra a pantalla Red-Green-Blue-Alfa
//		Gdx.gl.glClear(GL11.GL_COLOR_BUFFER_BIT);	// Xa non é necesario xa que borra co fondo.

		spritebatch.begin();

		dibuxarFondo();
		dibuxarPescador();
		dibuxarGancho();

		spritebatch.end();

		delta = Gdx.graphics.getDeltaTime();
		pescador.update(delta);
		gancho.update(delta);
		controlarPescador();
		controlarAcelerometro();
		controlarGancho();
	}
	@Override
	public boolean keyDown(int keycode) {
		// TODO Auto-generated method stub
		if (keycode==Keys.LEFT){
			pescador.setVelocidade(-pescador.velocidade_max);
		}
```

```
		if (keycode==Keys.RIGHT){
			pescador.setVelocidade(pescador.velocidade_max);
		}
		if (keycode==Keys.DOWN){
			if (!gancho.getPescando()){
				gancho.setVelocidade(-gancho.velocidade_max);
				gancho.setPescando(true);
			}
		}
		return false;
	}

	@Override
	public boolean keyUp(int keycode) {
		// TODO Auto-generated method stub
		if ((keycode==Keys.LEFT) || (keycode==Keys.RIGHT)){
			pescador.setVelocidade(0);
		}
		if (keycode==Keys.DOWN){
			gancho.setVelocidade(+gancho.velocidade_max);
		}

		return false;
	}
	@Override
	public boolean touchDown(int screenX, int screenY, int pointer, int button) {
		// TODO Auto-generated method stub
		if (!gancho.getPescando()){
			gancho.setVelocidade(-gancho.velocidade_max);
			gancho.setPescando(true);
		}
		return false;
	}

	@Override
	public boolean touchUp(int screenX, int screenY, int pointer, int button) {
		// TODO Auto-generated method stub
		gancho.setVelocidade(+gancho.velocidade_max);
		return false;
	}
```

Agora imos facer que o sedal da caña acompañe ó gancho. Isto non ten moita complicación xa que o único que temos que facer é crear un textura que sexa un punto negro e que se debuxe dende onde está o pescador ata onde está o gancho.

Creamos polo tanto a textura de nome punto.png (se atopa en /DVD/Proxectos Eclipse/Proxecto 2D peixes/imaxes/entrada) , xeramos novamente o atlas e cargamos a textura na clase AssetsXogo.

Arquivo AssetsXogo.java

Cargamos a textura punto do atlas.

```
	/**
	 * Textura da corda da caña
	 */
	public static TextureRegion sedal;

	public static void cargarTexturas(){
		texturas_todas = new TextureAtlas("imaxes/pescador_atlas.atlas");

		FileHandle imageFileHandle = Gdx.files.internal("imaxes/pecera1024x512.jpg");
		fondopecera = new Texture(imageFileHandle);

		pescador = texturas_todas.findRegion("pescador_sengancho");
		gancho = texturas_todas.findRegion("gancho");
		sedal = texturas_todas.findRegion("punto");
	}
```

Arquivo PrincipalXogo.java

Creamos un método de nome dibuxarXedal que debuxe o punto dende o pescador ata o gancho.

Nota: cando debuxamos co spritebatch, se poñemos un width e/ou height negativo ten o efecto de debuxar o inverso.

```
        /**
         * Dibuxa o sedal
         */
        private void dibuxarSedal(){
                spritebatch.draw(AssetsXogo.sedal,pescador.getPosicion().x+41+
(gancho.tamaño.x/2),Gancho.LIMITE_Y_SUPERIOR+gancho.tamaño.y,0.75f,-(Gancho.LIMITE_Y_SUPERIOR-
gancho.getPosicion().y));
        }
        @Override
        public void render() {

                spritebatch.begin();

                dibuxarFondo();
                dibuxarPescador();
                dibuxarGancho();
                dibuxarSedal();

                spritebatch.end();

                delta = Gdx.graphics.getDeltaTime();
                pescador.update(delta);
                gancho.update(delta);
                controlarPescador();
                controlarAcelerometro();
                controlarGancho();
        }
```

Os peixes. ANIMACIÓNS.

Agora imos afrontar o problema dos peixes.
Igual que antes imos manexar texturas, pero agora imos facer que o peixe teña unha animación.

Podedes consultar como se fan animacións en
http://code.google.com/p/libgdx/wiki/SpriteAnimation

O idea é moi sinxela. Consiste en debuxar de forma continuada un conxunto de TextureRegion que conforman a animación.

O proceso é o seguinte:

- Cargamos nun obxecto Texture ou TextureRegion as imaxes que conforman a nosa animación:



Nome fish1_animacion no texture atlas

No noso caso imos a engadir estas imaxes no atlas xerado anteriormente.
Temos a imaxe no DVD (/DVD/Proxectos Eclipse/Proxecto 2D peixes/imaxes/entrada).
Unha vez cargado novo atlas teremos unha TextureRegion que fará referencia a ditas imaxes:

```
TextureRegion trPeixe = texturas_todas.findRegion("fish1_animacion");
```

Agora imos dividir dita imaxe en anacos máis pequenos. Cada peixe ten un tamaño de 96x96 polo tanto imos dividir dita imaxe en 4 anacos. Isto o facemos có método split que devolve un array bidimensional de TextureRegion, no noso caso devolverá un array de 1 fila e 4 columnas:

```
TextureRegion[][] tmp = trPeixe.split(96,96);
```



tmp[0][1] tmp[0,2] tmp[0,3] tmp[0,4]

Nota: poderíamos ter máis imaxes (máis filas) e o método split ó chegar ó final pasaría a seguinte fila deixando unha altura de 96 píxeles (o indicado no método).

A continuación temos que crear unha texture region dunha dimensión que sexa igual ó número de frames a amosar. No noso caso son 1x4 = 4.

Podemos calcula o número de filas e columnas así:

NUM_FILAS = HEIGHT_TEXTUREGION_ fish1_animacion / 96 = 96 / 96 = 1
NUM_COLUMNA = WIDTH_TEXTUREGION_ fish1_animacion / 96 = 384 / 96 = 4

```
int num_filas = trPeixe.getRegionHeight() / 96;
int num_columnas = trPeixe.getRegionWidth() / 96;

TextureRegion[] framesanimacion = new TextureRegion[num_filas*num_columnas];
```

O seguinte será traspasar as texturas gardadas no array bidimensional:

```
int index = 0;
for (int i = 0; i < num_filas; i++) {
        for (int j = 0; j < num_columnas; j++) {
             framesanimacion[index++] = tmp[i][j];
        }
}
```

E xa como paso final teremos que crear un obxecto da clase Animation no que lle pasamos o array de TextureRegion e o tempo que debe pasar ata que se cambie de frame:

```
peixe1 = new Animation(0.15f,framesanimacion);
```

O código completo:

Arquivo AssetsXogo.java
Creando unha animación.

```
/**
 * Animación do peixe
 */
public static Animation peixe_lila;

/**
 * Carga as animacions dos peixes
 */
private static void cargandoAnimacions(){

        TextureRegion trPeixe = texturas_todas.findRegion("fish1_animacion");
        TextureRegion[][] tmp = trPeixe.split(96,96);
        int num_filas = trPeixe.getRegionHeight() / 96;
        int num_columnas = trPeixe.getRegionWidth() / 96;

        TextureRegion[] framesanimacion = new TextureRegion[num_filas*num_columnas];
int index = 0;
for (int i = 0; i < num_filas; i++) {
        for (int j = 0; j < num_columnas; j++) {
        framesanimacion[index++] = tmp[i][j];
        }
}

        peixe_lila = new Animation(0.15f,framesanimacion);

}

public static void cargarTexturas(){
        texturas_todas = new TextureAtlas("imaxes/pescador_atlas.atlas");

        FileHandle imageFileHandle = Gdx.files.internal("imaxes/pecera1024x512.jpg");
        fondopecera = new Texture(imageFileHandle);

        pescador = texturas_todas.findRegion("pescador_sengancho");
```

```
                gancho = texturas_todas.findRegion("gancho");
                sedal = texturas_todas.findRegion("punto");

                cargandoAnimacions();
        }
```

A segunda parte é crear unha clase peixe que derive de Personaxes. Ademais creamos unha propiedade 'tipopeixe' que vai indicar o tipo de peixe (hai 3 tipos).

Arquivo Peixe.java
Definimos propiedade tipopeixe que vai indicar o tipo de peixe (hai 3 tipos).
Definimos posición, tamaño e velocidade.

```
public class Peixe extends Personaxe{

        /**
         * Indica o tipo de peixe para dibuxalo correctamente.
         */
        public enum Tipos_peixe {
                AZUL,LILA,AMARELO
        }

        private Tipos_peixe tipopeixe;
        public Peixe() {
                super(new Vector2(Mundo.TAMAÑO_MUNDO.x,90), new Vector2(20,20), 40);
                tipopeixe = Tipos_peixe.LILA;
                velocidade = velocidade_max;
                // TODO Auto-generated constructor stub
        }
        /**
         * Devolve o tipo de peixe
         * @return tipopeixe
         */
        public Tipos_peixe getTipopeixe() {
                return tipopeixe;
        }

        @Override
        public void update(float delta) {
                // TODO Auto-generated method stub
                posicion.x -= velocidade*delta;
        }

}
```

Igual que fixemos co pescador imos engadir o peixe ó noso mundo e crear o método get.

Arquivo Mundo.java
Engadimos un peixe ó noso mundo.

```
        /**
         * Os peixes do mundo
         */
        private Peixe peixe;

        public Mundo(){
                pescador = new Pescador();
                gancho = new Gancho();
                peixe = new Peixe();
        }
        /**
         * Devolve os peixes
         * @return peixe
         */
        public Peixe getPeixe() {
```

```
        return peixe;
}
```

Agora temos que debuxalo.
Para facelo temos que facer uso dunha propiedade que leve o tempo para que cada 0.15 segundos (o indicado cando creamos a animación) cambie de frame.
Dita variable só é un acumulador de delta.

Arquivo PrincipalXogo.java
Creamos un cronómetro.

```
private float stateTime;// Leva o tempo transcurrido para cambiar de frame.

public void create() {
        // TODO Auto-generated method stub
        stateTime=0;
        ……….

@Override
public void render() {

        delta = Gdx.graphics.getDeltaTime();
        stateTime += delta;

        spritebatch.begin();

        dibuxarFondo();
        dibuxarPescador();
        dibuxarGancho();
        dibuxarSedal();
```

Agora só nos queda informa ó spritebatch que debuxe o frame adecuado en función do tempo transcorrido.

Como peixe1 é un obxecto da clase Animation, ten un método (`getKeyFrame`) que devolve o frame actual. O segundo parámetro do método indica se queremos que se repitan os frames ou pare a animación ó chegar ó final.

Arquivo PrincipalXogo.java
Definimos unha propiedade da clase Peixe que será o peixe do noso mundo.
Creamos unha propiedade da clase TextureRegion que vai gardar o frame actual
Creamos un método dibuxarPeixes(delta) que será chamado dende o render e dibuxará o frame actual.

```
private Peixe peixe;
private TextureRegion currentFrame;     // Frame actual do peixe a dibuxar

public void create() {

        ..............
        pescador = mundo.getPescador();
        gancho = mundo.getGancho();
        peixe = mundo.getPeixe();
        ............

/**
 * Dibuxa os peixes
 */
private void dibuxarPeixes(float delta){
        if (peixe.getTipopeixe()==Peixe.Tipos_peixe.LILA){
                currentFrame = AssetsXogo.peixe_lila.getKeyFrame(stateTime, true);
```

```
                spritebatch.draw(currentFrame,peixe.getPosicion().x,peixe.getPosicion().y,
                                peixe.tamaño.x,peixe.tamaño.y);
        }
}

@Override
public void render() {
        ..............
        spritebatch.begin();

        dibuxarFondo();
        dibuxarPescador();
        dibuxarGancho();
        dibuxarSedal();
        dibuxarPeixes(delta);

        spritebatch.end();
        dibuxarFondo();
        dibuxarPescador();
        dibuxarGancho();
        dibuxarSedal();
        dibuxarPeixes(delta);

        spritebatch.end();


        pescador.update(delta);
        gancho.update(delta);
        peixe.update(delta);

        controlarPescador();
        controlarAcelerometro();
        controlarGancho();
}
```

Exercicio: Intentade engadir un peixe animado de cor amarelo coa súa propia animación ó voso mundo.

ESPERADE!!!!!!!!!!!!!!!!!!!

Isto non ten senso. No noso mundo imos ter moitos peixes. Que imos facer o mesmo con cada un deles....?

NON!

O que temos que facer é usar un array de peixes e percorrer cada peixe do array debuxándoo.

Entón:

- Engadimos ó Atlas as diferentes animacións e texturas e os cargamos na clase AssetsXogo. Temos 3 tipos de peixes no DVD /DVD/Proxectos Eclipse/Proxecto 2D peixes/imaxes/entrada:

  fish1_animacion.png
  fish2_animacion.png
  fish3.png

  Nota: Un dos peixes non ten animación.

```
/**
 * Animación do peixe amarelo
 */
public static Animation peixe_amarelo;

/**
 * Textura do peixe azul
 */
public static TextureRegion peixe_azul;

private static void cargandoAnimacions(){

        TextureRegion trPeixe = texturas_todas.findRegion("fish1_animacion");
        TextureRegion[][] tmp = trPeixe.split(96,96);
        int num_filas = trPeixe.getRegionHeight() / 96;
        int num_columnas = trPeixe.getRegionWidth() / 96;

        TextureRegion[] framesanimacion = new TextureRegion[num_filas*num_columnas];
int index = 0;
for (int i = 0; i < num_filas; i++) {
        for (int j = 0; j < num_columnas; j++) {
        framesanimacion[index++] = tmp[i][j];
        }
}

        peixe_lila = new Animation(0.15f,framesanimacion);

        trPeixe = texturas_todas.findRegion("fish2_animacion");
        tmp = trPeixe.split(96,96);
        num_filas = trPeixe.getRegionHeight() / 96;
        num_columnas = trPeixe.getRegionWidth() / 96;

        framesanimacion = new TextureRegion[num_filas*num_columnas];
index = 0;
for (int i = 0; i < num_filas; i++) {
        for (int j = 0; j < num_columnas; j++) {
        framesanimacion[index++] = tmp[i][j];
        }
}

        peixe_amarelo = new Animation(0.15f,framesanimacion);

}
public static void cargarTexturas(){
        texturas_todas = new TextureAtlas("imaxes/pescador_atlas.atlas");

        FileHandle imageFileHandle = Gdx.files.internal("imaxes/pecera1024x512.jpg");
        fondopecera = new Texture(imageFileHandle);

        pescador = texturas_todas.findRegion("pescador_sengancho");
        gancho = texturas_todas.findRegion("gancho");
        sedal = texturas_todas.findRegion("punto");

        peixe_azul = texturas_todas.findRegion("fish3");

        cargandoAnimacions();
}
```

- Agora o noso mundo vai estar formado por un array de peixes.

Arquivo Mundo.java

Pasamos de:

```
        private Peixe peixe;
```

A:

```
        private Array<Peixe> peixes;

Modificamos constructor:
        public Mundo(){
                pescador = new Pescador();
                gancho = new Gancho();
                peixes = new Array<Peixe>();
        }

Pasamos de:
        public Peixe getPeixe() {
                return peixe;
        }
A:
        public Array<Peixe> getPeixes() {
                return peixes;
        }
```

Agora na clase Mundo imos crear un método que engada un novo peixe ó noso array e imos modificar a clase Peixe para que no constructor cre un peixe de forma aleatoria nos seus parámetros de velocidade, tipo , tamaño e posición na coordenada y.

Para xerar eses números aleatorios imos a definir un método na clase Mundo de tipo public static que devolva un número aleatorio entre dous números:

Arquivo Mundo.java
Creamos método que devolva un número aleatorio.

```
        /**
         * Xera un nº aleatorio entre min e max
         * @param min
         * @param max
         * @return o número aleatorio
         */
        public static int xerarAleatorio(int min,int max) {
                Random aleat = new Random();
                return (aleat.nextInt(max-min)+min);
        }
```

Arquivo Peixe.java
Xera de forma aleatoria un peixe.

```
        public Peixe() {
                super(new Vector2(Mundo.TAMAÑO_MUNDO.x,Mundo.xerarAleatorio(1,100)),
                      new Vector2(Mundo.xerarAleatorio(8,30),0), Mundo.xerarAleatorio(30, 60));
                tamaño.y = tamaño.x;

                int tipo = Mundo.xerarAleatorio(0, 3);
                switch(tipo){
                        case 0:
                                tipopeixe = Tipos_peixe.LILA;
                                break;
                        case 1:
                                tipopeixe = Tipos_peixe.AMARELO;
                                break;
                        case 2:
                                tipopeixe = Tipos_peixe.AZUL;
                                break;

                }
                velocidade = velocidade_max;
        }
```

Arquivo Mundo.java

Creamos o método crearPeixe que engada un peixe ó array de peixes.

```
/**
 * Engade un peixe ó array de Peixes
 */
public void engadirPeixe(){
        peixes.add(new Peixe());
}
```

Modificamos a clase PrincipalXogo xa que agora temos que recoller do noso mundo un array de peixes. Percorrer o array e actualizar e debuxar cada un deles.

Arquivo PrincipalXogo.java

Pasamos de:

```
private Peixe peixe;
```

A:

```
private Array<Peixe> peixes;
```

Pasamos de:

```
public void create() {
        ................
        peixe = mundo.getPeixe();
        ..............
}
```

A:

```
        peixes = mundo.getPeixes();
```

Exercicio:

Modifica o método dibuxarPeixes para que debuxe o peixe en función do tipo.
Para percorrer un array podemos usar:

- a clase Iterator
  https://code.google.com/p/libgdx/wiki/SimpleApp (buscar por Iterator)

```
Iterator <Peixe> iter = mundo.getPeixes().iterator();
while(iter.hasNext()){
        Peixe peixe = iter.next();
}
```

- un for da forma:

```
for (Peixe peixe : mundo.getPeixes()){

}
```

Solución:

```
/**
 * Dibuxa os peixes
 */
private void dibuxarPeixes(float delta){

	for (Peixe peixe : mundo.getPeixes()){
		if (peixe.getTipopeixe()==Peixe.Tipos_peixe.LILA){
			currentFrame = AssetsXogo.peixe_lila.getKeyFrame(stateTime, true);

			spritebatch.draw(currentFrame,peixe.getPosicion().x,peixe.getPosicion().y,
					peixe.tamaño.x,peixe.tamaño.y);
		}
		else if (peixe.getTipopeixe()==Peixe.Tipos_peixe.AMARELO){
			currentFrame = AssetsXogo.peixe_amarelo.getKeyFrame(stateTime, true);

			spritebatch.draw(currentFrame,peixe.getPosicion().x,peixe.getPosicion().y,
					peixe.tamaño.x,peixe.tamaño.y);
		}
		else if (peixe.getTipopeixe()==Peixe.Tipos_peixe.AZUL){

			spritebatch.draw(AssetsXogo.peixe_azul,peixe.getPosicion().x,
				peixe.getPosicion().y, peixe.tamaño.x,peixe.tamaño.y);
		}
	}
}
```

- Creamos un método actualizarPeixes(delta) para que chame ó método update de todos os peixes do array.

Pasamos de:

```
@Override
public void render() {
.....................
peixe.update(delta);
...........
```

A:

```
@Override
public void render() {
.....................
actualizarPeixes(delta);
...........
```

Creamos o método:

```
/**
 * Actualiza a posición dos peixes
 */
private void actualizarPeixes(float delta){
	for(Peixe peixe: mundo.getPeixes()){
		peixe.update(delta);
	}
}
```

Se executamos agora o xogo vemos que non aparecen peixes. Isto é debido a que non estamos a engadir ningún peixe o array.

Imos facer que cada certo tempo se xere un peixe.
Agora mesmo temos un contador (stateTime) que sempre se está incrementando.
Podemos xerar un número aleatorio entre 1-5, de tal forma que cando stateTime chege a stateTime+nº aleatorio, engada un novo peixe.

Exercicio:
Intentade facelo. A propiedade que leva o tempo dádelle de nome `tempoParaCrearPeixe.`

Solución
Temos que modificar a clase PrincipalXogo e engadir unha propiedade nova que gardará o tempo no que ten que crearse o peixe (o tempo actual máis o número aleatorio).

Arquivo PrincipalXogo.java
Engadimos o método crearPeixes.

```
public void render() {
        ..................
        pescador.update(delta);
        gancho.update(delta);
        actualizarPeixes(delta);
        crearPeixes();
        ..............
/**
 * Crea un peixe de forma aleatoria no tempo
 */
private void crearPeixes(){
        if (tempoParaCrearPeixe <= stateTime){
                mundo.engadirPeixe();
                tempoParaCrearPeixe = stateTime+Mundo.xerarAleatorio(1, 5);
        }

}
```

Se probamos agora xa podemos ver como aparecen os peixes.

NOTA IMPORTANTE: Agora mesmo os peixes só desaparecen da pantalla pero seguen existindo, o que sucede é que están fora do que vemos.

Temos por tanto que eliminar os peixes que cheguen ó final. Para forrar recursos ó ideal sería non

eliminalos, senón reubicalos e que comezaran dende a dereita. Desta forma nos aforraríamos novos new de peixes e o garbage collection non tería que facer nada.

NOTA: sempre que se poida é mellor facer un 'new' no create a modificalo no render (os seus valores) que estar facendo new´s dentro do render. Lembrade que o render chámase 30-65 veces por segundo.

Como temos feito o noso xogo (xeramos novos peixes aleatoriamente e o número nunca vai ser moi alto) imos optar por eliminalos do array cando cheguen ó final.

Arquivo PrincipalXogo.java
Creamos o método controlarPeixe chamado dende render que elimine os peixes do array.

```
	/**
	 * Elimina o peixe do array ó chegar ó final
	 */
	private void controlarPeixes(){
		for(Peixe peixe: mundo.getPeixes()){
			if (peixe.getPosicion().x<=-peixe.tamaño.x){
				mundo.getPeixes().removeValue(peixe, true);
			}
		}
	}
```

Fixarse coma a posición dos peixes no eixe x é o negativo do seu ancho.



Agora imos facer unha mellora, que vai ser que cando o pescador se poña a pescar (o gancho estea baixando ou subindo) non se poda mover.

Exercicio: intentádeo facelo. Lembrade a propiedade boolena do gancho.
Solución:

Arquivo PrincipalXogo.java

```
@Override
public boolean keyDown(int keycode) {
	// TODO Auto-generated method stub
	if ((keycode==Keys.LEFT) && (!gancho.getPescando())){
		pescador.setVelocidade(-pescador.velocidade_max);
	}
	if ((keycode==Keys.RIGHT) && (!gancho.getPescando())){
		pescador.setVelocidade(pescador.velocidade_max);
	}
	if (keycode==Keys.DOWN){
		if (!gancho.getPescando()){
			gancho.setVelocidade(-gancho.velocidade_max);
			gancho.setPescando(true);
		}
	}
	return false;
}
public void controlarAcelerometro(){

	if (!Gdx.input.isPeripheralAvailable(Peripheral.Accelerometer))
			return;
	if (gancho.getPescando()) return;

	int inclinacion = (int) Gdx.input.getAccelerometerY();

	if (inclinacion > 2)
		pescador.setVelocidade(pescador.velocidade_max);
	if (inclinacion < -2)
		pescador.setVelocidade(-pescador.velocidade_max);
	if ((inclinacion>-2) && (inclinacion<2))
		pescador.setVelocidade(0);
}
```

Outra mellora que podemos ter é limitar o número de peixes á vez que poden estar na pantalla. Creamos unha constante de clase na clase Mundo que sexa o número máximo de peixes e modificamos o procedemento crearPeixes para que non cre ningún máis se acadamos o máximo valor.

Arquivo Mundo.java

Creamos constante de clase.

```
/**
 * Indica o número de peixes que poden estar á vez na pantalla
 */
public final static int NUM_PEIXES_MAXIMO=4;
```

Arquivo PrincipalXogo.java

Modificamos o método crearPeixes.

```
private void crearPeixes(){
	if (mundo.getPeixes().size==Mundo.NUM_PEIXES_MAXIMO) return;

	if (tempoParaCrearPeixe <= stateTime){
		mundo.engadirPeixe();
		tempoParaCrearPeixe = stateTime+Mundo.xerarAleatorio(1, 5);
	}
}
```

Ben, parece que o xogo avanza, pero antes de dicirvos que todo isto está mal feito (me refiro á forma) imos a implantar a parte de pescar os peixes.

A idea é que cando o gancho se atope cun peixe, este suba xunto co gancho e na parte superior esquerda aparezan os peixes recollidos.

O primeiro é saber cando o gancho se atopa co peixe.

DETECCIÓN DE COLISIÓNS.

Para detectar o choque imos utilizar a clase **Intersector**.
Dita clase ten moitos métodos para detectar cando dúas formas interseccionan.
Como o peixe e o gancho teñen unha forma rectangular-cadrada, nos usaremos:

```
Intersector.overlapRectangles(r1, r2)
```

Dito método espera recibir dous rectángulos coma parámetros. A clase Rectángulo ten catro datos: pos_x,pos_y,tam_x,tam_y.

Imos modificar a clase Personaxes para engadir unha propiedade rectángulo co seu método get e un método actualizarRectangulo que modifique a posición do mesmo en función da posición actual e modificamos o método update para que chame a dito método.

Arquivo Personaxe.java
Creamos propiedade da clase Rectangle.
Métodos get e actualizarRectangulo.

```
/**
 * Rectángulo para os choques co gancho
 */
protected Rectangle rectangulo;

public Personaxe(Vector2 posicion, Vector2 tamaño, int velocidade_max){
        this.posicion=posicion;
        this.tamaño=tamaño;
        this.velocidade_max=velocidade_max;
        rectangulo = new Rectangle(posicion.x, posicion.y, tamaño.x, tamaño.y);
}
/**
 * Devolve o rectángulo asociado
 * @return rectangulo
 */
public Rectangle getRectangulo() {
        return rectangulo;
}

/**
 * Modifica a posición do rectángulo coa posición actual
 * Non necesitamos modificar o tamaño xa que non cambia
 */
public void actualizarRectangulo() {
        this.rectangulo.x = posicion.x;
        this.rectangulo.y = posicion.y;

}
```

Agora temos que modificar os métodos update de Gancho e Peixe para que chamen ó método actualizarRectangulo.

Arquivo Peixe.java

Modificamos o método update.

```
@Override
public void update(float delta) {
	// TODO Auto-generated method stub
	posicion.x -= velocidade*delta;
	actualizarRectangulo();
}
```

Arquivo Gancho.java

Modificamos o método update.

```
@Override
public void update(float delta) {
	// TODO Auto-generated method stub
	posicion.y+=velocidade*delta;
	actualizarRectangulo();
}
```

Como o debuxo do gancho inclúe a bola de flotación e só queremos que teña en conta o gancho, podemos modificar o tamaño 'height' do rectángulo para que o seu alto sexa a mitade:

```
public Gancho(){
	super(new Vector2(0,158),new Vector2(10,10), 30);
	rectangulo.setHeight(tamaño.x/2);	// A altura do gancho é a mitade, xa que engloba a bola amarela
```

Xa temos os rectángulo só queda controlar cando interseccionan...Isto o imos facer no método controlarGancho. No momento en que sabemos que o peixe foi collido polo gancho imos a modificar o estado dunha propiedade nova na clase Peixe que vainos a servir para facer que o peixe teña a mesma posición que o gancho ata que chegue arriba de todo.

Arquivo Peixe.java

Creamos a propiedade boolean pescado cos método set e get. Se no método set enviamos o valor true imos poñer a 0 a súa velocidade xa que non ten que moverse (empeza a subir co gancho).

```
/**
 * Indica se foi pescado polo gancho
 */
private boolean pescado;
/**
 * Indica se foi pescado o peixe
 */

public boolean getPescado() {
	return pescado;
}
/**
 * Cambia o estado do peixe a pescado (igual a true) e segue o gancho
 * @param pescado
 */
public void setPescado(boolean pescado) {
	if (pescado) velocidade = 0;
	this.pescado = pescado;
}
```

Arquivo PrincipalXogos.java

Modificamos o método controlarGancho para que controle cando o peixe se atopa có gancho.
Modificamos o método controlarPeixes para que os peixes que estean pescados teñan a mesma posición que o gancho (está subindo) e sexan eliminados cando cheguen arriba de todo.

```
	private void controlarGancho(){
		if (gancho.getPosicion().y>Gancho.LIMITE_Y_SUPERIOR){ // Poñer sempre '>' nunca '==' xa que se move con valores float´s
			gancho.setVelocidade(0);
			gancho.setPescando(false);
			gancho.getPosicion().y=Gancho.LIMITE_Y_SUPERIOR;
		}
		else {
			if (gancho.getPosicion().y<=0){  // Limite inferior
				gancho.setVelocidade(+gancho.velocidade_max);
			}
		}

		// Comprobamos se o gancho colle a un peixe
		for (Peixe peixe : mundo.getPeixes()){
			if (Intersector.overlapRectangles(peixe.getRectangulo(), gancho.getRectangulo())){
				peixe.setPescado(true);
			}
		}
	}

	private void controlarPeixes(){
		for(Peixe peixe: mundo.getPeixes()){
			if (peixe.getPescado()) {	// Está pescado polo gancho
				peixe.setPosicion(gancho.getPosicion().x,gancho.getPosicion().y);
			}

			if (peixe.getPosicion().y==Gancho.LIMITE_Y_SUPERIOR){   // Chegou arriba
				mundo.getPeixes().removeValue(peixe, true);
			}

			if (peixe.getPosicion().x<=-peixe.tamaño.x){    // Chega ó final da pantalla
				mundo.getPeixes().removeValue(peixe, true);
			}
		}

	}
```

NOTA:

Cando usamos intersecciónss pode ser necesario saber onde quedan os rectángulos que conforman os nosos gráficos.
Podemos facer uso da clase ShapeRenderer que permite debuxar figuras xeométricas.

Por exemplo:

```
		shaperenderer.begin(ShapeType.Filled);
		shaperenderer.setColor(Color.RED);
		for (Peixe peixe : mundo.getPeixes()){

			shaperenderer.rect(peixe.getRectangulo().x,peixe.getRectangulo().y,
					peixe.getRectangulo().width,peixe.getRectangulo().height);
		}
		shaperenderer.end();
```

Sendo shaperenderer un obxecto da clase ShapeRenderer instanciado no método create e asinándolle as coordenadas da cámara no método RESIZE da forma:

```
		shaperenderer.setProjectionMatrix(camaraortho.combined);
```

Exercicio:
Facer que os peixes poidan vir da parte esquerda aleatoriamente.

Pista: lembrade que se poñemos un número negativo no valor width do método draw do spritebatch debuxa a textura invertida, PERO as súas coordenadas seguen sendo como se estivera debuxado 'normalmente'.

Necesitamos un campo boolean que indique de onde ven o peixe.

Para ser un pouco máis difícil (e real) podemos facer que o rectángulo que conforma o peixe sexa máis pequeno (que se corresponda coa súa boca máis ou menos). Para isto modificamos o tamaño do rectángulo a súa metade no eixe Y e a un terzo no eixe X.

Solución:

O primeiro que temos que pensar é que imos necesitar un campo que vai indicar se o peixe ven da esquerda ou dereita.
Cando veña da esquerda a velocidade vai ter que se negativa (mirade o método update) e a posición inicial x ten que ser 0 ou mellor o seu ancho en negativo.

Facemos todo isto:

Arquivo Peixe.java

```
        /**
         * Indica se sae da esquerda da pantalla
         */
        private boolean saedaesquerda;
        public Peixe() {
                super(new Vector2(Mundo.TAMAÑO_MUNDO.x,Mundo.xerarAleatorio(1,100)), new
Vector2(Mundo.xerarAleatorio(8,30),0), Mundo.xerarAleatorio(30, 60));
                tamaño.y = tamaño.x;            // O peixe ten que ter o mesmo ancho que alto. Como o ancho o
xeramos aleatoriamente, unha vez o sabemos llo asinamos o y
                getRectangulo().setHeight(tamaño.y/2);  // O rectángulo se crea a partires do tamaño.
                getRectangulo().setWidth(tamaño.x/3);   // O rectángulo se crea a partires do tamaño

                pescado=false;

                int tipo = Mundo.xerarAleatorio(0, 3);
                switch(tipo){
```

```
                        case 0:
                                tipopeixe = Tipos_peixe.LILA;
                                break;
                        case 1:
                                tipopeixe = Tipos_peixe.AMARELO;
                                break;
                        case 2:
                                tipopeixe = Tipos_peixe.AZUL;
                                break;

                }
                velocidade = velocidade_max;
                if(Mundo.xerarAleatorio(0, 2)==1) {
                        saedaesquerda=true;
                        velocidade = -velocidade;
                        posicion.x = -tamaño.x;
                }
                else saedaesquerda=false;

        }
        /**
         * Sobre escribimos o método para que o rectángulo estea na parte da boca cando o peixe ven da esquerda
         */
        public void actualizarRectangulo() {
                super.actualizarRectangulo();
                if (saedaesquerda){
                        rectangulo.x = posicion.x+tamaño.x-rectangulo.width;
                }
        }

        /**
         * Indica se o peixe sae da esquerda ou non. Necesario para controlar os límites
         * @return saedaesquerda
         */
        public boolean getSaedaesquerda() {
                return saedaesquerda;
        }
```

Agora temos que pensar en varias cousas na clase PrincipalXogo.

Arquivo PrincipalXogo.java

- Cando sae da esquerda, para que desapareza o valor de x xa non pode ser igual ó seu ancho en negativo, se non que ten que ser o ancho do mundo.

```
        private void controlarPeixes(){
                for(Peixe peixe: mundo.getPeixes()){
                        if (peixe.getPescado()) {       // Está pescado polo gancho
                                peixe.setPosicion(gancho.getPosicion().x,gancho.getPosicion().y);
                        }

                        if (peixe.getPosicion().y==Gancho.LIMITE_Y_SUPERIOR){   // Chegou arriba
                                mundo.getPeixes().removeValue(peixe, true);
                        }

                        if ((peixe.getPosicion().x<=-peixe.tamaño.x) && !peixe.getSaedaesquerda()){     // Chega ó final da pantalla pola esquerda
                                mundo.getPeixes().removeValue(peixe, true);
                        }
                        if ((peixe.getPosicion().x>=Mundo.TAMAÑO_MUNDO.x) && peixe.getSaedaesquerda()){ // Chega ó final da pantalla pola esquerda
                                mundo.getPeixes().removeValue(peixe, true);
                        }
                }

        }
```

- Temos que debuxar o peixe ó revés cando ven da esquerda, pero axustando a posición X para que o debuxe desprazado o seu ancho:


```
/**
 * Dibuxa os peixes
 */
private void dibuxarPeixes(float delta){

        for (Peixe peixe : mundo.getPeixes()){
                float tam,posx;
                if (peixe.getSaedaesquerda()) {
                        tam = -peixe.tamaño.x;
                        posx = peixe.getPosicion().x + peixe.tamaño.x;
                }
                else  {
                        tam = peixe.tamaño.x;
                        posx = peixe.getPosicion().x;
                }

                if (peixe.getTipopeixe()==Peixe.Tipos_peixe.LILA){
                        currentFrame = AssetsXogo.peixe_lila.getKeyFrame(stateTime, true);
                        spritebatch.draw(currentFrame,posx,peixe.getPosicion().y,tam,peixe.tamaño.y);
                }
                else if (peixe.getTipopeixe()==Peixe.Tipos_peixe.AMARELO){
                        currentFrame = AssetsXogo.peixe_amarelo.getKeyFrame(stateTime, true);
                        spritebatch.draw(currentFrame,posx,peixe.getPosicion().y,tam,peixe.tamaño.y);
                }
                else if (peixe.getTipopeixe()==Peixe.Tipos_peixe.AZUL){
                        spritebatch.draw(AssetsXogo.peixe_azul,posx,peixe.getPosicion().y,
                                        tam,peixe.tamaño.y);
                }
        }
}
```

Agora imos facer que cando o peixe está enganchado e chega arriba teremos que gardar nalgún sitio cantos peixes leva collidos o pescador e debuxalos. O mellor sitio para gardar dita información será na clase Pescador.

Arquivo Pescador.java
Engadimos unha propiedade num_peixes_collidos co método get.
Engadimos un método aumentarNumPeixesCollidos que incremente en un o número de peixes collidos.

Engadimos o método inicializaPeixesCollidos para poñer a 0. Necesario para cando remate o xogo e empece un novo.

```
/**
 * Número de peixes pescados
 */
private int num_peixes_collidos;

public Pescador(){
        super(new Vector2(50,128),new Vector2(50,50),83);
        num_peixes_collidos=0;
}

/**
 * Devolve o número de peixes collidos
 * @return num_peixes_collidos
 */
public int getNum_peixes_collidos() {
        return num_peixes_collidos;
}

/**
 * Pon a 0 o número de peixes collidos
 */
public void inicializaPeixesCollidos() {
        this.num_peixes_collidos = 0;
}

/**
 * Incrementa en un o número de peixes collidos
 */
public void aumentarNumPeixesCollidos(){
        num_peixes_collidos++;
}
```

Exercicio: Facer que se incremente o número de peixes cando se collen e debuxar na parte superior esquerda en forma de fila tantos peixes como teña collido o pescador.

Solución:

Arquivo PrincipalXogo.java

```
private void controlarPeixes(){
        for(Peixe peixe: mundo.getPeixes()){
                if (peixe.getPescado()) {       // Está pescado polo gancho
                        peixe.setPosicion(gancho.getPosicion().x,gancho.getPosicion().y);
                }

                if (peixe.getPosicion().y==Gancho.LIMITE_Y_SUPERIOR){   // Chegou arriba
                        pescador.aumentarNumPeixesCollidos();
                        mundo.getPeixes().removeValue(peixe, true);
                ……..

private void dibuxarNumPeixesCollidos(){
        int posx;
        for (int cont=0;cont<pescador.getNum_peixes_collidos();cont++){
                posx = 5+10*cont;
                spritebatch.draw(AssetsXogo.peixe_azul, posx, Mundo.TAMAÑO_MUNDO.y-10, 9,9);
        }
}

@Override
public void render() {

        ……..
```

```
                dibuxarSedal();
                dibuxarPeixes(delta);
                dibuxarNumPeixesCollidos();

                spritebatch.end();
                ..................
```

Outra cousa que temos que arranxar é que cando o gancho ten un peixe non poida coller outro peixe.

Exercicio: intentade facer o anterior.
Pista: usar unha propiedade nova na clase Gancho.

Solución:
Engadimos unha propiedade nova ó gancho que indique se ten un peixe e modificamos o método controlarGancho para que no caso que teña un peixe que non comprobe por outros peixes.

Arquivo Gancho.java

```
        private boolean tenunpeixe;     // O gancho ten un peixe para que non poida coller outro.
        public Gancho(){
                super(new Vector2(0,158),new Vector2(10,10), 30);
                rectangulo.setHeight(tamaño.x/2); // A altura do gancho é a mitade, xa que engloba a bola
amarela

                pescando=false;
                tenunpeixe=false;
        }
        /**
         * Devolve true se o gancho ten un peixe.
         * @return tenunpeixe
         */
        public boolean getTenunpeixe() {
                return tenunpeixe;
        }

        /**
         * Modifica o valor que indica se o gancho ten un peixe
         * @param tenunpeixe: o novo valor
         */
        public void setTenunpeixe(boolean tenunpeixe) {
                this.tenunpeixe = tenunpeixe;
        }
```

Arquivo PrincipalXogo.java

```
        private void controlarGancho(){
                if (gancho.getPosicion().y>Gancho.LIMITE_Y_SUPERIOR){ // Poñer sempre '>' nunca '==' xa que
se move con valores float´s
                        gancho.setVelocidade(0);
                        gancho.setPescando(false);
                        gancho.getPosicion().y=Gancho.LIMITE_Y_SUPERIOR;
                }
                else {
                        if (gancho.getPosicion().y<=0){  // Limite inferior
                                gancho.setVelocidade(+gancho.velocidade_max);
                        }
                }

                if (!gancho.getTenunpeixe()){
                        // Comprobamos se o gancho colle a un peixe
                        for (Peixe peixe : mundo.getPeixes()){
                                if (Intersector.overlapRectangles(peixe.getRectangulo(),
                                    gancho.getRectangulo())){
```

```
                                peixe.setPescado(true);
                                gancho.setTenunpeixe(true);
                            }
                        }
                    }

        }

        private void controlarPeixes(){

                        ........................
                        if (peixe.getPosicion().y==Gancho.LIMITE_Y_SUPERIOR){    // Chegou arriba
                                pescador.aumentarNumPeixesCollidos();
                                mundo.getPeixes().removeValue(peixe, true);
                                gancho.setTenunpeixe(false);
                        }
                        ..................
```

Agora (lembrade que polo de agora estamos a aprender como se fan as cousas, pero non da forma correcta ???) imos facer máis entretido o xogo e imos poñer un contador de tempo, de tal forma que o noso protagonista ten que recoller 10 peixes en dous minutos se quere volver a casa.

O cronómetro xa o temos (stateTime) pero necesitamos visualizar texto na pantalla.
O texto necesita uns arquivos especias coa extensión fnt. Para crealos imos necesitar outra ferramenta denominada hiero a cal a tedes no DVD (/SOFTWARE/Fontes/hiero.jnlp)



Máis información en: http://code.google.com/p/libgdx/wiki/Hiero
Para executala: https://wiki.libgdx.googlecode.com/git/jws/hiero.jnlp
Un paso a paso: http://singletechgames.com/2012/04/20/crear-archivos-fnt-con-hiero/

A idea é crear un png con todas as letras que se necesiten para o noso xogo (lembrade poñer as letras acentuadas).

Cando teñamos os caracteres que necesitemos:



Isto crea dous arquivos: fonte.fnt e fonte.png
Imos copialos a un cartafol 'fontes' dentro de 'assets' no proxecto Android dende o DVD (/DVD/Proxectos Eclipse/Proxecto 2D peixes/fontes).



Agora temos que cargar ditas fontes nun bitmap.

Exemplo de uso de BitmapFont: http://code.google.com/p/libgdx-users/wiki/addingText2D

Imos a clase AssetsXogo, definimos unha propiedade bitmapfont da clase BitmapFont e creamos un novo método de nome cargarFontes que sexa chamado dende cargarTexturas no que se cargue a fonte creada previamente.

Arquivo AssetsXogo.java
Creamos un novo método de nome cargarFontes.
Chamamos a dito método dende cargarTexturas.
Liberamos o bitmabfont dende o método liberarTexturas.

```
/**
 * Fonte a usar polo xogo
 */
public static BitmapFont bitmapfont;

/**
 * Carga o arquivo png coas fontes de texto
 */
public static void cargarFontes(){
	bitmapfont = new BitmapFont(Gdx.files.internal("fontes/fonte.fnt"), false);
}
public static void cargarTexturas(){
	.....................
	cargandoAnimacions();
	cargarFontes();
}
public static void liberarTexturas(){
	if (fondopecera!=null)
		fondopecera.dispose();
	if (texturas_todas!=null)
		texturas_todas.dispose();
	if (bitmapfont!=null)
		bitmapfont.dispose();
}
```

Despois imos a declarar unha constante de clase na clase Mundo que sexa os segundos que teñen que pasar ata que remate o xogo. Como temos o contador de tempo stateTime, o cronómetro será a constante menos o tempo transcorrido.

Arquivo Mundo.java

```
        /**
         * Número de segundos ata que remata o xogo
         */
        public static final int NUM_SEGUNDOS_XOGO=120;
```

Agora temos que debuxar o texto na pantalla.
Isto se fai có método draw da clase BitmapFont.

NOTA IMPORTANTE: cando utilizamos cadeas, cada vez que facemos un + entre dúas cadeas se crea un novo obxecto String que despois ten que eliminar o garbage collection.
Cando manexemos cadeas é mellor utilizar a clase StringBuilder.

Podemos ver as diferenzas en:
http://www.java-tips.org/java-se-tips/java.lang/difference-between-string-stringbuffer-and-stringbu.html

Arquivo PrincipalXogo.java

```
        private StringBuilder stringbuilder;    // Para traballar con cadeas que van ser visualizadas

        @Override
        public void create() {
                // TODO Auto-generated method stub
                stateTime=0;
                tempoParaCrearPeixe = 0;
                stringbuilder = new StringBuilder(3);   // O crono ten 3 números
                ……….

        /**
         * Dibuxa o cronometro
         */
        private void dibuxarCronometro(){
                stringbuilder.setLength(0);     // Borramos o strinbuilder
                AssetsXogo.bitmapfont.draw(spritebatch, stringbuilder.append((int)(Mundo.NUM_SEGUNDOS_XOGO-
stateTime)), Mundo.TAMAÑO_MUNDO.x-30, Mundo.TAMAÑO_MUNDO.y);

        }

        @Override
        public void render() {

                ……..................

                spritebatch.begin();

                dibuxarFondo();
                dibuxarPescador();
                dibuxarGancho();
                dibuxarSedal();
                dibuxarPeixes(delta);
                dibuxarNumPeixesCollidos();

                dibuxarCronometro();

                spritebatch.end();
                ……..........................
```

Agora teríamos que controlar que o cronómetro chegue a 0 e nese caso cambiar de pantalla.
Para facer isto imos refacer todo o xogo para seguir o patrón de programación **Modelo – Vista – Controlador (MVC)**.

O concepto é moi sinxelo.
Dividimos o xogo en tres partes:

- Modelo: onde están definidas as clases que nos serven de base para o noso mundo. Isto xa o estamos a facer agora. Serían as clases Mundo, Personaxe, Piexe, Gancho, Pescador.
- Vista: aquí só se debuxan os obxectos que conforman o noso mundo e a cámara en base as súas propiedades de posición e tamaño.
- Controlador: controla todo o que sucede no noso mundo e modifica as propiedades dos obxectos que pertencen ó Modelo.

  A maiores imos ter unha zona de nome Pantallas que serán cada unha das pantallas do noso xogo e que terán as interfaces que permiten xestionar os eventos e que informarán á clase controladora de que evento se trata.

Agora mesmo estamos a mesturar a parte de Vista-Controlador na clase PrincipalXogo.

Imos crear a pantalla onde se vai desenrolar o xogo.
Para iso primeiro temos que facer as seguintes modificacións:

- Definimos unha clase de nome Principal que derive da clase Game. A clase Game implementa a interface ApplicationListener e vainos permitir cambiar de pantalla dunha forma moi sinxela.



Como vemos temos un erro na clase (liña suliñada en vermello debaixo do nome da clase). Isto é debido a que ó derivar da clase Game está obrigando a implementar aqueles métodos que non están sobrescritos na clase Game (que implementa a interface). Neste caso é o método onCreate.
En Eclipse non temos que escribir dito método, se pode xerar automática situándonos sobre a clase Principal e escollendo a opción 'Add unimplemented Methods':



Podedes ver as propiedades e métodos da clase Game en
http://libgdx.badlogicgames.com/nightlies/docs/api/com/badlogic/gdx/Game.html

Esta vai ser a clase que van chamar as diferentes pantallas do noso xogo, xa que como comentamos antes, a clase Game tamén implementa a interface ApplicationListener.

Facemos os cambios nas diferentes versións:

Versión Android:

```
public class MainActivity extends AndroidApplication {
    @Override
    public void onCreate(Bundle savedInstanceState) {
        super.onCreate(savedInstanceState);

        AndroidApplicationConfiguration cfg = new AndroidApplicationConfiguration();
        cfg.useAccelerometer=true;
        cfg.useCompass=false;
        cfg.useWakelock=true;
        cfg.useGL20 = false;

        initialize(new Principal(), cfg);
    }
}
```

Versión Desktop:

```
public class Main {
        public static void main(String[] args) {
                LwjglApplicationConfiguration cfg = new LwjglApplicationConfiguration();
                cfg.title = "O Meu Xogo";
                cfg.useGL20 = false;
                cfg.width = 800;
                cfg.height = 480;

                new LwjglApplication(new Principal(), cfg);
        }
}
```

Versión HTML:

```
public class GwtLauncher extends GwtApplication {
        @Override
```

```
        public GwtApplicationConfiguration getConfig () {
                GwtApplicationConfiguration cfg = new GwtApplicationConfiguration(480, 320);
                return cfg;
        }

        @Override
        public ApplicationListener getApplicationListener () {
                return new Principal();
        }
}
```

Dende a clase Game podemos indicar que Screen (pantalla) queremos cargar chamando ó método setScreen.

Agora seguindo o patrón de deseño Modelo – Vista – Controlador (MVC) imos crear un paquete para:

- As pantallas
- O modelo
- As vistas
- Os Controladores (cada pantalla pode ter o seu controlador)



Exemplo de paquete onde irán as clases 'controladoras' do noso xogo



Agora creamos no paquete 'pantallas' unha clase de nome 'PantallaXogo' que implemente a interface Screen.

Nota: ó facelo lembrade premer as teclas Ctrol+Shift+O para importar a clase e despois implementar os métodos da interface como fixemos antes (situándonos enriba do nome da clase).

O código é bastante perecido o da interface ApplicationListener pero incorpora dous novos métodos: show e hide. Show se executa cando se carga a pantalla e aparece (se chama unha vez) e hide cando saímos da pantalla (se executa despois do evento pause).

```
public class PantallaXogo implements Screen {

	@Override
	public void render(float delta) {
		// TODO Auto-generated method stub

	}

	@Override
	public void resize(int width, int height) {
		// TODO Auto-generated method stub

	}

	@Override
	public void show() {
		// TODO Auto-generated method stub

	}

	@Override
	public void hide() {
		// TODO Auto-generated method stub

	}

	@Override
	public void pause() {
```

```
                // TODO Auto-generated method stub

        }

        @Override
        public void resume() {
                // TODO Auto-generated method stub

        }

        @Override
        public void dispose() {
                // TODO Auto-generated method stub

        }

}
```

Podedes ver a descrición da clase en
http://libgdx.badlogicgames.com/nightlies/docs/api/com/badlogic/gdx/Screen.html

Como se pode ver na documentación o método 'dispose' non é chamado automáticamente polo que teremos que chamalo dende o método 'dispose' da clase Game.

Agora que temos a clase Screen imos crear un obxecto de dita clase na clase Game e asinarlle dita pantalla para que a cargue.

Arquivo Principal.java
Cargamos a pantalla do xogo.

```
public class Principal extends  Game {

        PantallaXogo pantallaxogo;

        @Override
        public void create() {
                // TODO Auto-generated method stub

                Gdx.app.log("LIBGDX", "CREATE GAME");
                pantallaxogo = new PantallaXogo();
                setScreen(pantallaxogo);
        }

        @Override
        public void dispose(){
                Gdx.app.log("LIBGDX", "DISPOSE GAME");
                pantallaxogo.dispose();
        }
}
```

Se sacades por consola unha mensaxe en cada un dos eventos podedes observar o seguinte:



Como a idea é ter varias pantallas e ir dunha a outra, necesitamos o obxeto da clase Game (é o que ten o método setScreen) na clase PantallaXogo para cando queiramos cambiar de pantalla.

O faremos así:

Arquivo PantallaXogo.java
Ter unha referencia á clase Game.

```
	private Principal game;
	public PantallaXogo(Principal principal){
		game=principal;
	}
```

Arquivo Principal.java
Enviar unha referencia de game á pantalla.

```
public class Principal extends  Game {

	PantallaXogo pantallaxogo;

	@Override
	public void create() {
		// TODO Auto-generated method stub

		pantallaxogo = new PantallaXogo(this);
		setScreen(pantallaxogo);
	}

	@Override
	public void dispose(){
		super.dispose();
		pantallaxogo.dispose();
	}
}
```

A función que vai ter a pantalla (Screen) é de informar á clase Controladora dos eventos que se produzan e chamar á clase Renderer (no paquete Vista) para que debuxe o mundo.

Parece un pouco lioso, pero imos facer un resumo do que estamos a facer:

Os nosos 3 proxectos chaman a mesma clase a cal ten que, ou ben implementar a interface ApplicationListener ou ben derivar da clase Game.

Neste segundo caso, establecemos a clase Screen que vai visualizarse co método setScreen dende a clase Principal.



Unha vez situado na clase Screen correspondente, automaticamente o motor de xogos vai a chamar de forma continua (dependendo da potencia da máquina) ó método render da clase Screen. O que facemos nese método é chamar a clase que vai debuxar todo o da pantalla e a clase que vai controlar todo o que pasa. As dúas van facer uso das clase definidas no paquete de modelado:



Fixarse como o que estamos a facer é o 'esqueleto' do noso xogo.

Agora imos mover as clase que conforman o noso mundo para o paquete Modelo.
Así movemos as clases: Mundo – Pescador – Gancho – Peixe – Personaxe.



A continuación imos crear a clase que vai debuxar todo. Esta debe estar no paquete Vista e imos darlle de nome RendererXogo.
Dita clase é a que ten a cámara e o SpriteBatch.

Arquivo RendererXogo.java
Definimos un constructor no que lle pasamos unha referencia ó noso mundo (clase Mundo).
Definimos un método resize que será chamado dende o método resize da clase PantallaXogo.

```
public class RendererXogo {

	private Mundo mundo;

	public RendererXogo(Mundo mundo){
		this.mundo = mundo;
	}

	public void resize(int width, int height) {

	}
	public void dispose(){

	}
}
```

Despois volveremos a dita clase.

Agora imos definir a clase controladora. Imos chamarlle ControladorXogo e estará no paquete Controlador. Encargarase de controlar todo o que pasa no noso mundo (choques, movementos,..) e de responder as accións (input´s) dos eventos producidos polo dispositivo.

Como dende dita clase imos ter que modificar o estado do xogo (cando remate) e cambiar de pantalla, imos a enviarlle a propia clase Screen como referencia.

Arquivo ControladorXogo.java

```
public class ControladorXogo {

	private PantallaXogo pantallaxogo;
	private Mundo mundo;

	public ControladorXogo(Mundo mundo,PantallaXogo pantalla){
		pantallaxogo=pantalla;
		this.mundo = mundo;
	}
	public void dispose(){

	}

}
```

Imos a integrar estas dúas clases (ControladorXogo e RendererXogo) na clase PantallaXogo.
Por outra banda tamén cargaremos dende esta clase as texturas e as liberaremos chegado o caso.
Tamén xestionaremos os eventos polo que implementaremos as interfaces e informaremos o motor que esta clase xestiona os eventos.

Arquivo PantallaXogo.java

```
public class PantallaXogo implements Screen,InputProcessor {

	private Principal game;
	private Mundo mundo;
	private ControladorXogo controladorxogo;
	private RendererXogo rendererxogo;


	public PantallaXogo(Principal principal){
		game=principal;

	}

	@Override
	public void render(float delta) {
		// TODO Auto-generated method stub

	}

	@Override
	public void resize(int width, int height) {
		// TODO Auto-generated method stub
		rendererxogo.resize(width, height);
	}

	@Override
	public void show() {
		// TODO Auto-generated method stub
		AssetsXogo.cargarTexturas();

		mundo = new Mundo();
		controladorxogo = new ControladorXogo(mundo, this);
		rendererxogo = new RendererXogo(mundo);

		Gdx.input.setInputProcessor(this);
	}

	@Override
	public void hide() {
		// TODO Auto-generated method stub
	}
```

```
@Override
public void pause() {
	// TODO Auto-generated method stub
	Gdx.input.setInputProcessor(null);
}

@Override
public void resume() {
	// TODO Auto-generated method stub
	Gdx.input.setInputProcessor(this);
}

@Override
public void dispose() {
	// TODO Auto-generated method stub
	Gdx.input.setInputProcessor(null);
	if (rendererxogo!=null)
		rendererxogo.dispose();
	if (controladorxogo!=null)
		controladorxogo.dispose();
	AssetsXogo.liberarTexturas();
}

@Override
public boolean keyDown(int keycode) {
	// TODO Auto-generated method stub
	return false;
}

@Override
public boolean keyUp(int keycode) {
	// TODO Auto-generated method stub
	return false;
}

@Override
public boolean keyTyped(char character) {
	// TODO Auto-generated method stub
	return false;
}

@Override
public boolean touchDown(int screenX, int screenY, int pointer, int button) {
	// TODO Auto-generated method stub
	return false;
}

@Override
public boolean touchUp(int screenX, int screenY, int pointer, int button) {
	// TODO Auto-generated method stub
	return false;
}

@Override
public boolean touchDragged(int screenX, int screenY, int pointer) {
	// TODO Auto-generated method stub
	return false;
}

@Override
public boolean mouseMoved(int screenX, int screenY) {
	// TODO Auto-generated method stub
	return false;
}

@Override
public boolean scrolled(int amount) {
	// TODO Auto-generated method stub
	return false;
}
```

```
}
```

Agora temos que 'desprazar' o código que tiñamos na clase PrincipalXogo á clase RendererXogo, pero só aquelo que serve para dibuxar.

Propiedades:

```
private OrthographicCamera camaraortho;
private SpriteBatch spritebatch;
private Mundo mundo;
private Pescador pescador;
private Gancho gancho;
private Array<Peixe> peixes;

private float delta;
private float stateTime;// Leva o tempo transcurrido para cambiar de frame.
private TextureRegion currentFrame;      // Frame actual do peixe a dibuxar
private StringBuilder stringbuilder;     // Para traballar con cadeas que van ser visualizadas
```

Non temos método create polo que temos que levar as ordes necesarias dende Create ó Constructor:

```
public RendererXogo(Mundo mundo){
	this.mundo = mundo;

	stateTime=0;
	stringbuilder = new StringBuilder(2);

	camaraortho = new OrthographicCamera();
	spritebatch = new SpriteBatch();

	pescador = mundo.getPescador();
	gancho = mundo.getGancho();
	peixes = mundo.getPeixes();

}
```

Modificamos o método resize:

```
public void resize(int width, int height) {
	camaraortho.setToOrtho(false,Mundo.TAMAÑO_MUNDO.x,Mundo.TAMAÑO_MUNDO.y);
	camaraortho.update();

	spritebatch.setProjectionMatrix(camaraortho.combined);
}
```

Método dispose:

```
public void dispose(){
	spritebatch.dispose();
}
```

Levamos todos os método de dibuxo que tiñamos:

```
/** Dibuxa o fondo do xogo
 *
 */
private void dibuxarFondo(){
	spritebatch.disableBlending();
	spritebatch.draw(AssetsXogo.fondopecera,0,0,Mundo.TAMAÑO_MUNDO.x,Mundo.TAMAÑO_MUNDO.y);
	spritebatch.enableBlending();
}

/**
 * Dibuxa o pescador
```

```
         */
        private void dibuxarPescador(){


spritebatch.draw(AssetsXogo.pescador,pescador.getPosicion().x,pescador.getPosicion().y,pescador.tamaño.x,pesc
ador.tamaño.y);
        }

        /**
         * Dibuxa o gancho do pescador
         */
        private void dibuxarGancho(){


spritebatch.draw(AssetsXogo.gancho,gancho.getPosicion().x,gancho.getPosicion().y,gancho.tamaño.x,gancho.tamañ
o.y);
        }

        /**
         * Dibuxa o sedal
         */
        private void dibuxarSedal(){
                spritebatch.draw(AssetsXogo.sedal,pescador.getPosicion().x+41+
(gancho.tamaño.x/2),Gancho.LIMITE_Y_SUPERIOR+gancho.tamaño.y,0.75f,-(Gancho.LIMITE_Y_SUPERIOR-
gancho.getPosicion().y));
        }

        /**
         * Dibuxa os peixes
         */
        private void dibuxarPeixes(float delta){

                for (Peixe peixe : mundo.getPeixes()){
                        float tam,posx;
                        if (peixe.getSaedaesquerda()) {
                                tam = -peixe.tamaño.x;
                                posx = peixe.getPosicion().x + peixe.tamaño.x;
                        }
                        else  {
                                tam = peixe.tamaño.x;
                                posx = peixe.getPosicion().x;
                        }

                        if (peixe.getTipopeixe()==Peixe.Tipos_peixe.LILA){
                                currentFrame = AssetsXogo.peixe_lila.getKeyFrame(stateTime, true);
                                spritebatch.draw(currentFrame,posx,peixe.getPosicion().y,tam,peixe.tamaño.y);
                        }
                        else if (peixe.getTipopeixe()==Peixe.Tipos_peixe.AMARELO){
                                currentFrame = AssetsXogo.peixe_amarelo.getKeyFrame(stateTime, true);
                                spritebatch.draw(currentFrame,posx,peixe.getPosicion().y,tam,peixe.tamaño.y);
                        }
                        else if (peixe.getTipopeixe()==Peixe.Tipos_peixe.AZUL){

        spritebatch.draw(AssetsXogo.peixe_azul,posx,peixe.getPosicion().y,tam,peixe.tamaño.y);
                        }
                }
        }

        private void dibuxarNumPeixesCollidos(){
                int posx;
                for (int cont=0;cont<pescador.getNum_peixes_collidos();cont++){
                        posx = 5+10*cont;
                        spritebatch.draw(AssetsXogo.peixe_azul, posx, Mundo.TAMAÑO_MUNDO.y-10, 9,9);
                }
        }

        /**
         * Dibuxa o cronometro
         */
        private void dibuxarCronometro(){
                stringbuilder.setLength(0);     // Borramos o strinbuilder
```

```
                AssetsXogo.bitmapfont.draw(spritebatch, stringbuilder.append((int)(Mundo.NUM_SEGUNDOS_XOGO-
stateTime)), Mundo.TAMAÑO_MUNDO.x-30, Mundo.TAMAÑO_MUNDO.y);

        }
```

Creamos un método de nome render(float delta) que vai chamar a todos estes métodos (era o método render na clase PrincipalXogo).

```
        /**
         * Método que dibuxa todos os elementos do noso mundo.
         * Chamado dende o método render da clase PantallaXogo (Screen)
         * @param delta: tempo
         */
        public void render(float delta){
                delta = Gdx.graphics.getDeltaTime();
                stateTime += delta;

                spritebatch.begin();

                dibuxarFondo();
                dibuxarPescador();
                dibuxarGancho();
                dibuxarSedal();
                dibuxarPeixes(delta);
                dibuxarNumPeixesCollidos();

                dibuxarCronometro();

                spritebatch.end();


        }
```

Dende a clase PantallaXogo (método render) temos que chamar ó método render da clase RendererXogo.

Arquivo PantallaXogo.java

```
        @Override
        public void render(float delta) {
                // TODO Auto-generated method stub
                rendererxogo.render(delta);
        }
```

Se executades agora ides ver como o gancho non está onde debe.
Isto é debido a que non estamos chamando o método actualizarGancho que colocaba o gancho na posición do pescador (o faremos máis adiante).

Agora falta facer como dende a clase ScreenPrincipal se pode 'informar' á clase controladora de que se pulsou unha tecla.

Para isto imos definir uns estados na clase controladora que van a indicar que se pulsou.
No noso xogo imos ter tres 'estados' posibles: ESQUERDA, DEREITA,ACTIVARGANCHO.

Imos implementar ditos estados con variables booleanas que nos indicarán se se recibiu dende o dispositivo algunha entrada que faga modificar ditos estados (poder ser unha tecla, pulsar sobre unha parte da pantalla co dedo ou usar o acelerómetro nun dispositivo móbil).

Arquivo ControladoraXogo.java

Creamos un array de estados utilizando unha clase HashMap.

```
public enum Keys {
        ESQUERDA,DEREITA,ACTIVARGANCHO
}
